

**DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO
DO CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO**

Marzo de 2006

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	5
1.1.	Metodoloxía	5
1.2.	Apuntamento histórico	6
2.	ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO	7
2.1.	Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra	7
2.2.	Estrutura parroquial.....	8
2.3.	Entidades de poboación	9
3.	RECURSOS NATURAIS	10
3.1.	Solo	10
3.2.	Características climáticas	12
A)	Precipitacións.....	12
B)	Temperaturas.....	13
C)	Amplitude térmica	14
3.3.	Vexetación.....	14
3.4.	Relevo	15
3.5.	Ríos	16
3.6.	Zonas de interese natural	17
4.	RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO	18
4.1.	Patrimonio histórico e arqueolóxico.....	18
4.2.	Patrimonio arquitectónico	19
4.3.	Patrimonio etnográfico	21
4.4.	Recursos turísticos.....	26
5.	ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS	30
5.1.	Planeamento urbanístico vixente	30
5.2.	Infraestruturas de comunicación.....	30
5.3.	Centros educativos	32
5.4.	Servizos sociais.....	32
6.	POBOACIÓN E VIVENDA	33
6.1.	Efectivos poboacionais.....	34
A)	Poboación segundo sexo e distribución parroquial	34
B)	Densidade demográfica	35
C)	Poboación segundo lugar de nacemento e residencia.....	36
D)	Poboación segundo nacionalidade.....	37
E)	Evolución demográfica	38



6.2. Estrutura da poboación.....	39
A) Pirámide de poboación.....	39
B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade.....	40
C) Idade media da poboación.....	42
D) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil.....	42
E) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento	43
6.3. Movemento natural da poboación.....	45
A) Nacementos, casamentos e defuncións.....	45
B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade	46
C) Saldo vexetativo.....	48
6.4. Movementsos migratorios.	49
A) Emigración	49
B) Inmigración.....	51
C) Saldo migratorio.....	53
6.5. Nivel de formación da poboación	55
A) Nivel de estudos da poboación.....	55
B) Taxa de analfabetismo	57
C) Tipo de estudos da poboación	58
D) Lugar de estudo da poboación	59
E) Educación non universitaria	60
6.6. Vivenda.....	60
A) Tipo de vivenda	61
B) Réxime de tenza da vivenda	61
C) Principais problemas da vivenda e do contorno.....	62
D) Residentes e tamaño medio da vivenda	63
7. MERCADO DE TRABALLO	64
7.1. Actividade	66
7.2. Ocupación.....	68
7.3. Desemprego	73
7.4. Promoción do Emprego	79
A) Actividades desenvolvidas en relación ás políticas activas de emprego	79
B) Axudas e subvencións para a creación de emprego	81
C) Accións de desenvolvemento rural	82
8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS.....	83
8.1. Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento	84
A) Nivel de renda	84
B) Outros parámetros de desenvolvemento	85
8.2. Sectores produtivos e actividade económica	88



A) Sector primario	90
B) Sector secundario	93
C) Sector terciario	95
8.3. Análise dunha actividade económica de Salvaterra de Miño : o sector vitivinícola.....	100
9. TERCEIRO SECTOR	103
10. DAFO XERAL DE SALVATERRA	104
11. PROPOSTAS E ACTUACIÓNS	107



1. INTRODUCCIÓN

1.1. Metodoloxía

O presente documento de traballo inclúese dentro da medida “Desenvolvemento do territorio” que integra o actual proxecto de UPD. O obxectivo desta medida é poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio. As accións relacionadas con esta medida están dirixidas a obtención de información, investigación e análise do contorno de cara a definición de proxectos.

Este traballo é unha desas accións e ten como obxectivo servir de instrumento que fundamente calquera estratexia de actuación no territorio e tomar decisións en materia de desenvolvemento e emprego a raíz da análise pormenorizada do espazo socioxeográfico. Para acadalo definiuse a realización dunha Análise e Diagnóstico do Territorio (no sucesivo, ADT) de cada un dos concellos da MAIV, nos que a través de diferentes fases se obteña unha visión o máis axustada posible sobre as potencialidades do territorio, e neste caso, do concello de Salvaterra de Miño.

A través das seguintes páxinas descríbense os resultados da primeira das fases do diagnóstico que se inclúen nos ADT, correspondente co inventario de recursos e elementos valorizables existentes no concello. Esta é unha análise detallada do territorio a través dos elementos que integran o sistema social, cultural, natural, e económico, permitindo ver os usos que del se fan.

A sistematización da información agrúpase en 10 temáticas, que inclúen una serie de indicadores. As 10 áreas nas que agrupamos a información son:

- ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO
- RECURSOS NATURAIS
- RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO
- ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS
- POBOACIÓN E VIVENDA
- MERCADO DO TRABALLO
- ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS. ANÁLISE DUNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA CARACTERÍSTICA DO CONCELLO
- TERCEIRO SECTOR
- ANÁLISE DAFO
- PROPOSTAS DE DESENVOLVEMENTO E ACTUACIÓNS NO EIDO DO EMPREGO

Os datos obtivéronse do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Instituto Nacional de Estadística (INE), de diversas fontes públicas e privadas e do propio concello de Salvaterra de Miño. A partir desa información, creáronse bases de datos e obtivéronse indicadores que facilitan o coñecemento do territorio no seu conxunto. Así mesmo a análise complementábase coa comparación dos datos



obtidos para Salvaterra de Miño cos da AMV, Pontevedra e Galicia, de xeito que se comprenda mellor a evolución histórica, o momento actual e o futuro do concello.

A segunda fase do presente ADT, consistirá nunha análise cualitativa a partir da consulta aos técnicos dos concellos e doutras persoas representantes do territorio nos seus diferentes ámbitos. O obxectivo é ampliar a información existente nas fontes consultadas e sistematizada neste documento coas percepcións dos axentes socioeconómicos que actúan no territorio. Para acadar esa información, deseñaranse ferramentas para a recollida de datos, dirixidas ás persoas que se identifiquen relevantes para a análise.

O inventario de recursos complementábase cunha análise DAFO e cunha primeira achega de propostas de desenvolvemento e actuacións concretas no ámbito do emprego.

Por último, e para completar o ADT do concello de Salvaterra de Miño, os axentes implicados no seu desenvolvemento, revisarán o traballo realizado, de xeito que, ao incorporar as súas achegas ao documento e baseándose no seu coñecemento e implicación co territorio, as propostas e conclusións obtidas resulten máis axustadas realidade do concello.

1.2. Apuntamento histórico

Esta área xeográfica formou parte da provincia de Tui ata a división constitucional e a reforma posterior, que derivou na súa inclusión definitiva na provincia de Pontevedra, dentro do Partido Xudicial de Pontearreas. A totalidade das parroquias dependían daquela das xurisdicións de Salvaterra e As Achas, con señorío do conde de Salvaterra; da de Sobroso, con señorío do marqués de Sobroso, e dos cotos de Penafurada e Porto, con señorío do conde de Amarante e da Encomenda de Beade respectivamente.

Iniciado o proceso de constitución dos concellos nos inicios do século dezanove chegaron a funcionar os concellos de Fornelos e Salvaterra neste territorio. Xa no proceso definitivo créase o concello de Salvaterra coa configuración actual, dentro do Partido Xudicial de Pontearreas, cun total de dezaioito parroquias.

Posteriormente producírase a supresión da parroquia de Penafurada, fusionándose coa súa matriz de Oleiros, quedando as dezasete actuais. Por outra parte o concello completará a súa denominación oficial como Salvaterra de Miño no ano 1907.



2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO

2.1. Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra



O concello de Salvaterra de Miño localízase no suroeste da comunidade galega entre as coordenadas xeográficas 42° 11' 50'' Norte, 42° 03' 35'' Sur, 8° 23' 20'' Leste e 8° 33' 20'' Oeste.


Administrativamente está adscrito á provincia de Pontevedra, situándose no centro-Sur da mesma, no límite con Portugal. O concello pertence ao Partido Xudicial de Ponteareas e á Diocese de Vigo-Tui.

Limita ao Norte co concello de Ponteareas, ao Sur co río Miño, que exerce de límite fronteirizo con Portugal, ao Nordeste con Mondariz e A Cañiza, ao Leste con As Neves, ao Oeste con Salceda de Caselas e no Suroeste con Tui.

Presenta unha superficie de 62,5 km² ao longo da que se reparten un total de dezasete parroquias, dúas delas, Uma e Vilacoba, inseridas entre os concellos de Ponteareas e As Neves, polas que se distribúen un total de duascentas noventa e catro entidades menores de poboamento, nas que residen 8.375 habitantes de feito, o que da unha densidade de 134 hab./km².

O concello situase ao Surlleste da Área Metropolitana de Vigo, sendo regado todo o seu límite S. polo río Miño que exerce á vez de fronteira con Portugal. Ademais da Mancomunidade de Vigo, pertence á comarca do Condado, xunto cos concellos de As Neves, Ponteareas, Mondariz e Mondariz-Balneario; así como á Mancomunidade do Condado xunto cos concellos de Mondariz, Ponteareas e Salceda de Caselas.

Presenta altitudes que van dende os pouco máis de 5 m. sobre o nivel do mar, que se acadan aos pés do Miño, ata os preto de 570 m. que se acadan no NL. da parroquia de Uma, no lugar coñecido como Chan do Couto.



2.2. Estrutura parroquial

A superficie do concello de Salvaterra de Miño estrutúrase en dezasete parroquias que albergan un



total de trescentas trece entidades menores de poboación. Segundo a extensión que presentan, a parroquia máis grande é a de Salvaterra, con pouco máis de 7 Km², seguida de Alxén con 5,4 Km², Leirado, Fornelos e Arenteí con 4,76, 4,5 e 4,45 Km² aproximadamente. As que presentan un menor tamaño son as de Corzáns (1,87 Km²), Lourido (1,91 Km²) e Soutolobre (2,06 Km²).

Segundo o número de entidades que se asenta en cada parroquia, destaca outra vez a de Salvaterra con 36 núcleos de poboación, seguida de Leirado con 27, Cabreira con 26, e Meder e Corzáns con 22 cada unha. Das que presentan un número de entidades menores máis baixo destacan Lourido con 7 e Fiolledo con 5.

As características que presenta o relevo de Salvaterra de Miño, con formas suaves e poucas pendentes, favorece a dispersión dos asentamentos por todo o municipio, onde a localización dos mesmos a penas supera, en xeral, os 100 m. de altitude. Soamente nas parroquias máis orientais, Uma e Vilacoba, a localización de determinados núcleos pode acadar os 300 m. de altitude, como os núcleos de Maceiras (320 m.), As Barreiras (310 m.), A Cachadiña (305 m.) e O Carboal (325 m.), na parroquia de Uma, e os de As Barreiras (185 m.) e A Forcada (220 m.). Tamén se poden atopar algúns núcleos nas parroquias de Leirado e Meder que se localizan preto dos 180 m., como por exemplo As Gándaras e os Eidos en Meder e Santa Cristina en Leirado.

A todos os efectos, a parroquia máis importante é a de Salvaterra, non só porque na súa vila se localice a capital municipal, senón polo maior número de habitantes que presenta, así como que por ela pasan e saen as principais vías de comunicación do concello así como o ferrocarril. Todo isto, xunto coa presenza do río Miño e a proximidade co país portugués, favoreceu a localización no núcleo dun maior volume de actividades económicas así como maior densidade de poboamento. Así, dos 8.375 habitantes de feito do concello, 2.047 viven nesta parroquia de pouco máis de 7,11 km² (287,9 hab./km²), sendo o lugar de O Castelo o máis poboado con 1.065 habitantes de feito. Seguen en importancia, segundo a súa densidade demográfica, as parroquias de Fornelos (164 hab./km²),




Pesqueiras (160,6 hab./km²) e Corzáns (151 hab./km²). Mentres que as de Soutolobre, Vilacoba, Lourido e Uma, son as que presentan unha menor densidade demográfica con 57,2 hab./km², 59,5 hab./km², 62,8 hab./km² e 63,1 hab./km² respectivamente.

Pódese apreciar unha clara influencia da morfoloxía do terreo á hora de localizar tanto os núcleos de poboación como á hora de que a xente se asente un ou noutro lugar. Así, as parroquias centrais e do S. son as que presentan unhas maiores densidades demográficas, favorecidas por un relevo máis plano e con menores pendentes, mentres que as situadas no extremo NL., onde o terreo comeza a aumentar a súa altitude e as pendentes son maiores, presentan unha densidade de poboamento máis baixa.

2.3. Entidades de poboación

As entidades menores atópanse espalladas por todo o territorio municipal, presentando unha ocupación homoxénea do mesmo e salvando os pequenos accidentes xeográficos que nel existen (cursos de auga e pequenos outeiros). Soamente nas parroquias de Uma e Vilacoba, que presentan unhas maiores pendentes e no que relevo aumenta a súa altitude a medida que transcorremos caro o L., os núcleos se localizan na súa metade occidental, nas partes máis baixas e con menores pendentes. Aínda así, unha característica da tipoloxía de asentamentos do concello de Salvaterra de Miño e a súa localización á beiras dos cursos fluviais, destacando o número de núcleos existentes nos vales dos ríos Lobeiro, Tea, Caselas e Uma, sen esquecer o río Miño.



O núcleo máis poboado é o de O Castelo, no que residen máis de 900 persoas. Ségueno, aínda que cunha diferenza moito maior, os núcleos de A Igrexa (na parroquia de Alxén) e San Roque (Cabreira) con pouco máis de 330 habitantes, As Fraguíñas (Fornelos) con 277, A Igrexa (Arenteí) con 269, Nogueirió con 254 (Meder) e Chan da Igrexa (Pesqueiras) con 240. A maior práctica totalidade do resto dos núcleos presentan menos de 100 residentes. Como núcleos menos poboados pódense destacar os núcleos de Os Eidos, Vales e Barreiras nas parroquias de Meder, Soutolobre e Cabreira




respectivamente, nos que no ano 2004 non habitaba ningunha persoa. Un só veciño reside nos núcleos de A Inquisición e Petan na parroquia de Corzáns, e nos de O Casal, A Igrexa e A Bouza en Meder. Mentres que nos núcleos de O Pombal (Porto), O Sueido (Corzáns) e O Rebaído (Fornelos) residen dous veciños en cada un.

Así pódese apreciar como os núcleos situados máis cara o O. do concello, no entorno do val do río Tea, son os que albergan un maior número de persoas, mentres que algúns pobos situados na parte central e L. do territorio, principalmente nas parroquias de Corzáns, Soutolobre e Meder, xa están baleiros ou están a punto de quedar sen habitantes polo escaso número de veciños que residen neles.

3. RECURSOS NATURAIS

3.1. Solo



Os solos da parte centro e S. do concello de Salvaterra de Miño atópase baixo a influencia dos cursos fluviais, caracterizándose pola presenza de conglomerados, gravas, areniscas, areas, limos y arxilas cunha profundidade de entre 13 e 30 m. A composición estratigráfica e litolóxica destes solos é cuarcítica, cun grado superior de gravas areosas e outro inferior de areas arxilosas, arxilas caoliníferas e niveis dispersos ricos en materia orgánica. Foron formados no Cuaternario coas diversas oscilacións glacioeustáticas que sufriu o nivel do mar durante o pleistoceno, e hoxe son obxecto dun intenso aproveitamento e explotación.

Os solos da metade N. do concello, así como un pequeno sector do SO., están formados por granitoides bióticos de grao grosso. A rocha deste sector presenta tons claros, algo rosados, presentando os seguintes compoñentes principais: Cuarzo de cor gris translúcido; Feldespato potásico con cristais idiomorfos de gran tala; Oligoclasa-andesina; Biotita, que contén gran parte dos minerais accesorios da rocha; Anfíbol monoclinico, está presente como mineral principal ou




accesorio, ás veces como inclusión en plagioclasas. Ademais, tamén aparecen como materiais accesorios a esfena, o apatito, a clorita de alteración e os opacos.

Soamente no extremo SL. da parroquia de Vilacoba e en todo o sector NL. da de Uma aparecen Granitoides de dúas micas, en concreto granito de gran groso con facies holofeldespáticas. Son facies de granitos con grans grosos moi ricos en feldeespato potásico, o que lles da un característico ton rosado, asociado con manifestacións pegmatíticas e filoniainas principalmente de cuarzo.

No que se refire aos usos do solo, as especies arbóreas que dominan na maior parte da superficie do concello de Salvaterra de Miño son os eucaliptos e piñeiros, que aparecen formando bosques mixtos ben entre eles ou ben con algunhas frondosas. Así, pódese apreciar como nos extremos O. e L. aparecen formacións boscosas de eucaliptos e piñeiros, mentres que a parte central do concello aparecen bosques mixtos de piñeiros, eucaliptos e caducifolias.

Non obstante, o que máis chama a atención é a superficie ocupada polo viñado en maioría xunto con outros cultivos anuais, que ten presenza en practicamente todo o territorio municipal. Se popularmente é coñecido o concello de Salvaterra de Miño é polo viño do condado, que conforma unha subzona da Denominación de Orixe Rías Baixas. O cultivo desta planta é máis intenso nas parroquias que ocupan a franxa central do concello, destacando as de Fornelos, Leirado, Pesqueiras e Salvaterra.



No que se refire á vexetación autóctona, esta ocupa unha superficie moi pequena, limitándose a súa presenza ao marxe dos cursos fluviais, destacando as do río Tea, así como algunhas pequenas extensións nas marxes do Miño. No resto dos casos, a vexetación autóctona aparece vinculada a outras especies foráneas.

No resto do territorio pódense atopar outros usos como monte desarborado, zonas de matos e especies madeireiras, así como algunha pequena superficie dedicada a cultivos. Existen superficies dedicadas a zonas industriais, concentradas en todo caso na parroquia de Salvaterra, así como algunha que outra explotación mineira a ceo aberto na


parroquia de Oleiros e na propia Salvaterra. O límite S. do concello está baixo o dominio do río Miño.



3.2. Características climáticas

A localización xeográfica de Salvaterra de Miño no extremo L. da Mancomunidade de Vigo fai que dispoña dun dominio climático oceánico húmido. As temperaturas son suaves durante todo o ano cunha media que rolda os 14°C en xeral, mentres que as precipitacións son frecuentes e abundosas ao longo do ano, agás nos meses de verán, cun total que poden chegar a acadar os 1.500 mm.

A) Precipitacións



A situación do concello e as características do seu relevo fan que as precipitacións sexan abundosas e practicamente uniformes en todo o seu territorio. Soamente nas parroquias situadas máis cara o L. a influencia do relevo provoca un aumento no total de auga de choiva recollida.

Ao longo do ano, a precipitación total recollida na meirande parte do territorio está entono aos 1.300-1.400 mm. Na parroquia de Vilacoba prodúcese un aumento destas cara o SL., motivado pola elevación do terreo nesta mesma dirección, podendo recollerse preto de 1.600 mm. O mesmo ocorre na parroquia de Uma, onde a maior altitude do relevo

provoca un aumento da auga de choiva recollida, cun total anual que rolda os 1.600 mm., e na que a progresiva elevación do mesmo cara o NL. leva asociado un aumento das precipitacións chegando a superar os 1.700 mm. ao ano.


Deste xeito, e a pesares de que o relevo apenas presenta grandes contrastes, o aumento progresivo que experimenta nas parroquias máis nororientais leva consigo o aumento das precipitacións recollidas, que poden chegar ata os 1.800 mm. en Uma, mentres que no resto do concello estas redúcense ata os 1.300-1.400 mm. ao ano.

Por estacións, a época de maior pluviosidade é a do outono, na que se recollen entre 500 e 600 mm., seguida do inverno, namentres que o verán é a estación na que se recolle unha menor cantidade de auga. Por meses, os de novembro, decembro e xaneiro son nos que se producen as maiores precipitacións, namentres que nos meses de xuño, xullo e agosto, son nos que se recolle menos cantidade de auga de choiva.



B) Temperaturas

A temperatura media do concello de Salvaterra de Miño está entorno aos 15°C anuais. Tal e como ocorre coas precipitacións, o relevo modifica as condicións térmicas dun territorio polo que a progresiva elevación deste leva a un descenso continuado das temperaturas.



A temperatura media anual da maior parte do concello está por riba dos 15°C, aínda que sofre notorias variacións nas parroquias de Vilacoba e Uma, no NL. municipal. Nestas o terreo eríxese como condicionante principal da variación térmica, xa que a progresiva elevación que experimenta nestes lugares leva consigo unha baixada da temperatura media final. En Vilacoba a metade N. presenta unha media por riba dos 15°C mentres que na metade S. esta redúcese case 1°C. Na de Vilacoba, soamente o extremo SO. presenta unha temperatura semellante a da maior parte do concello, 15°C. A maior parte desta parroquia presenta

unha temperatura de entre 14 e 15°C, mentres que soamente nunha pequena superficie ao S., onde se atopan as máximas elevacións do territorio, se rexistran entre 13 e 14°C de media.


Por estacións, o verán é a época que presenta unha temperatura media máis elevada superando lixeiramente os 20°C., seguido da primavera cunha media que rolda os 18°C. Os meses máis calorosos son os comprendidos entre xuño e setembro nos que se superan os 20°C. Pola contra, o inverno e o outono son as que presentan as temperaturas máis baixas, roldando os 10°C., sendo xaneiro e febreiro os meses máis fríos nos que apenas se superan os 8°C.



C) Amplitude térmica

A amplitude térmica anual ven indicar a diferenza existente entre a temperatura media máxima e a temperatura media mínima acadada ao longo do ano. A distribución que presenta é semellante á das precipitacións totais e á da temperatura media. Pódese volver a apreciar como o relevo é o principal factor que intervéen na variación dos contrastes de temperatura no concello de Salvaterra.

A práctica totalidade do concello presenta unha oscilación térmica suave que rolda os 13°C. Soamente a parroquia de Uma presenta uns contrastes maiores debido ao seu carácter máis montañoso, estando esta entorno aos 14°C.



3.3. Vexetación


En Salvaterra de Miño a superficie de bosque non acada os de 0,5 hectáreas por habitante. O mapa de formacións forestais dominantes amosa un claro predominio dos bosques de especies traídas de fora en toda a superficie municipal, así como solo de uso agrícola.

No conxunto das formacións forestais destaca a maior extensión que ocupa o piñeiro (*Pinus pinaster*) que aparece principalmente en solitario aínda que tamén formando bosques mixtos con outras especies. A este segue a superficie ocupada polo solos dedicados a uso agrícola. As maiores formacións de *Pinus pinaster* en solitario pódense atopar na metade centro L. do concello, destacando a área que ocupan nas parroquias de Leirado, Fiolledo, Oleiros e Salvaterra. Tamén se pode atopar, aínda que nunha superficie inferior, nas parroquias de Alxén, Arentei, Porto ou Fornelos. Na metade N. do territorio soe aparecer asociado a outras especies como o *Eucalyptus globulus* e o *Quercus robur*, sendo frecuente atopar estes bosques mixtos nas parroquias de Lourido, Pesqueiras, Corzans e Soutolobre. Os eucaliptos ocupan unha superficie pequena no conxunto municipal, existindo pequenas extensións desta especie arbórea nas parroquias de Cabreira, Salvaterra ou Vilacoba.

As zonas dedicadas a uso agrícola atópanse espalladas ao longo da superficie municipal, sendo aproveitadas na súa maior parte para o cultivo de viño, formando parte este concello dentro da



D.O. Rías Baixas. As parroquias de Lira, Uma, Meder e Salvaterra son as que presentan unha maior extensión dedicada a uso agrícola.



A presenza de especies autóctonas é moi escasa. Esta límitase á existencia de vexetación de ribeira nas marxes do río Tea, e Caselas. O resto das frondosas como o carballo, en moi raras ocasión aparece como especie dominante, sendo máis habitualmente encontrada formando bosques mixtos con árbores traídas de fora como o piñeiro ou o eucalipto. Destaca a existencia dunha pequena extensión de carballos na parroquia de Leirado, mentres que nas de Vilacoba e Uma aparece asociado a outras especies.

Chama a atención a superficie ocupada polo solo de uso improdutivo, froito da acción do home sobre o territorio. As maiores extensións deste localízanse no


S. do concello, aproveitando o paso do río Miño por esta zona para localizar a maior actividade humana, comercial e económica do concello.

A nivel xeral, a vexetación forestal do concello de Salvaterra de Miño está formada principalmente por especies foráneas de crecemento rápido que ocupan a práctica totalidade do concello, así como polo solo de uso agrícola. As especies autóctonas límitanse á presenza de vexetación de ribeira, na cunca dos cursos fluviais, ou carballos que ocupando unha superficie moi pequena e soen estar asociados ás especies foráneas dando lugar a bosques mixtos.

3.4. Relevo

O concello de Salvaterra de Miño está situado na parte baixa do val do río Tea na súa confluencia co val do Miño. O seu territorio caracterízase pola presenza de formas chairas e onduladas, con escasas altitudes e flanqueada no NL. por macizos montañosos de escasa altitude. Na parte central e O. do municipio podemos atopar algúns pequenos outeiros de tipo residual que serven de interfluvio entre os ríos Caselas, Tea e Lobeiro. Así, pódese apreciar como as parroquias de Porto, Arenteí, Salvaterra e Oleiros son as que presenta, ademais das menores altitudes, un relevo máis aplanado, apenas superando os 100 m. Os pequenos outeiros residuais, que apenas chegan a acadar 150 m. de altitude, atópanse: un entre as parroquias de Cabreira e Alxén, outro entre as de Lourido e






Soutolobre e o último entre as de Salvaterra, Pesqueiras e Fiolledo. As parroquias situadas ao L. comezan a notar lixeiramente a influencia deses pequenos macizos montañosos, vendo aumentado de maneira gradual a altitude do terreo de O. a L., (Leirado e Meder). Non obstante, as máis afectadas neste senso son as de Vilacoba e Uma, á que estes macizos lles proporcionan unha maior altitude do relevo, así como unhas maiores pendentes.

3.5. Ríos

A rede hidrográfica do concello forma parte da cunca do río Miño, que rega estas terras por todo o seu límite S., presenta unha dirección L.-O., exercendo de límite natural con Portugal.

A el van verter as augas a práctica totalidade dos cursos fluviais que regan este territorio de entre os que destaca o río Tea, xunto co Caselas e o Lobeiro. O Tea, que atravesa o territorio pola metade occidental, leva unha dirección N.-S.-SO. No seu primeiro treito por estas terras leva unha dirección N.-S., exercendo de límite natural co concello de Pontearreas, para logo variar lixeiramente o seu percorrido cara unha dirección SO. ata desembocar no río Miño, formando un val amplo e fértil que é aproveitado para o cultivo. Polo extremo O. circula o río Caselas, que no seu treito final exerce de liña límite entre esta concello e o de Salceda de Caselas, presentando unha dirección N.-S. ata desembocar tamén no Miño. A metade L. é regada polo río Lobeiro que ten as




súas fontes neste mesmo territorio e leva unha dirección N.-S. Este caracterízase por posuír unha intensa rede de canles e cursos de menor importancia que o abastecen coas súas augas.

3.6. Zonas de interese natural

No concello de Salvaterra de Miño atópanse dous espazos de interese natural, as marxes do río Tea e o río Miño que está integrado dentro do chamado Baixo Miño, incluídos ambos os dous dentro da Rexión Bioclimática Atlántica.

O río Tea, que abarca unha superficie total de 357 ha. Atravesa este espazo de N. a S. pola súa metade occidental. O seu hábitat está formado por Uceiras secas europeas, Uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo, Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*), Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pireaica*. O curso fluvial presenta especial importancia para o salmón atlántico, así como destaca pola conservación das súas fragas. Da súa flora destaca, ademais do arborado de ribeira (ameneiros, bidueiros), os freixos, carballos, cerdeiras bravas, castaños, abeleiras, etc. Da súa fauna destaca a presenza de especies migradoras como o salmón atlántico, a lamprea mariña ou a anguía. Entre a fauna asociada no é difícil observar o paso do martín pescador, merlo acuático, azor, gabián, a lontra, Salamántiga, etc. .



Atópase integrada dentro dos Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral (Propostos para a Rede Natura 2000 para seren declarados LUGARES DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (LIC) e posteriormente ZONAS ESPECIAIS DE CONSERVACIÓN (ZEC), así como é considerado unha Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

O Baixo Miño ocupa unha superficie de 2.871 ha., abarcando todo o límite S. municipal. Nas súas ribeiras existen manchas de fraga ripícola e vexetación palustre. No período invernal acolle a un gran número de aves. Conta con importantes poboacións de peixes como o salmón, que presenta neste río o seu

límite de distribución máis meridional de Europa, ou lamprea, tradicionalmente pescada nestas augas.



4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO

A denominación do concello foi mudando ao longo dos séculos, adoptando nomes como Lacedarium, que derivaría noutros como Lacidorio e Lazorio, ou o actual de Salvaterra a partires do S. XII, cando o rei Fernando II decidiu fortificar a vila e dotala de murallas para protexela das continuas incursións que sufría, procedéndose así ao cambio do nome polo actual.

Os primeiros indicios de presenza humana no concello de Salvaterra de Miño remóntanse a moito antes da época castrexa, da que quedan testemuñas no chamado Monte Castelo, en Pesqueiras. Da época romana destaca a ponte de Fillaboa.

A historia do concello está condicionada pola súa localización xeográfica. Ao ser un territorio limítrofe entre España e Portugal, foi motivo de numerosas disputas entre familias nobres de ambos os dous países, pasando o dominio destas terras por numerosas mans. Destacaron as loitas entre os Soutomaior e os Sarmiento. No S. X o rei Vermudo II otorgoulle o señorío á igrexa de Santiago de Compostela. No século XV o seu castelo foi escenario de numerosos episodio das Guerras Irmandiñas. No XVII convertíriase en Condado cando Felipe II lle concedeu a Diego Sarmiento de Soutomaior o título de Conde de Salvaterra, título que conservarían os seus descendentes ata a supresión dos señoríos no S. XIX.

4.1. Patrimonio histórico e arqueolóxico

O ser humano deixou as súas pegadas desde os tempos prehistóricos nos territorios que compoñen o municipio de Salvaterra. Numerosos son os restos que o testemuñan. Así, espallados polo concello pódense atopar mámoas, castros, petróglifos ou conxuntos pétreos de especial importancia, non esquecendo os obxectos de bronce e de granitos atopados como cravos, cerámica, muíños circulares, etc.

Os castros eran localizados de maneira estratéxica nas zonas elevadas do concello non só por seren desta maneira máis facilmente defendibles senón porque estaban menos expostos aos riscos naturais como inundacións, correntamentos de terra... Ao mesmo tempo, deixábanse as partes máis baixas do territorio para o aproveitamento agrícola, xa que eran as zonas máis fértiles, e gandeiro.

No Monte San Amaro, na parroquia de Lira, localízase un importante conxunto arqueolóxico composto por un castro, petróglifos e restos de cerámicas. É no cumio do monte, onde se atopa a capela dedicada a este santo, onde se localiza o asentamento castrexo do que aínda se notan as formas circulares das vivendas. Nos seus arredores aínda se conserva un grupo de petróglifos con forma de cazoletas, así como tamén se encontraron varios fragmentos de tégulas, anacos de ánforas e diversos restos de cerámicas.



No cumio do Monte do Castelo, na parroquia de Pesqueiras, e a carón da ermida da Nosa Señora da Ascensión, consérvase un importante conxunto pétreo nunha cavidade existente nas rochas, do que destaca a presenza dun Castro constituído por unha coroa na que se sitúa un gran batolito rochoso e dúas terrazas orientadas cara o poñente.

Na parroquia de Lourido localizáronse diversos restos que revelan a existencia dun poboado tardo-romano. Deses restos destacan obxectos de bronce, cravos e outros materiais de ferro, anacos de cerámica e pezas líticas como muíños circulares. Obsérvanse restos de muros de vivendas circulares e outros refuxios curiosos que se introducen polas cavidades rochosas a modo de abrigos.

Na parroquia de Oleiros pódense atopar numerosas mámoas, aínda que a acción humana influíu de maneira determinante no seu estado de conservación, mentres que na de Fiolledo atopase unha lucerna de bronce coa asa en forma de cabeza de pato.

4.2. Patrimonio arquitectónico

Cando nos referimos a patrimonio arquitectónico queremos dicir bens de tipo relixioso (capelas, igrexas, mosteiros, catedrais e santuarios) e patrimonio civil (casas grandes, pazos, faros, murallas, castelos, torres, pontes...). O concello de Salvaterra de Miño dispón dun rico patrimonio arquitectónico, dos que destacan os numerosos pazos e o patrimonio relixioso, sen esquecer o Castelo-Torre-Fortaleza de Salvaterra. É nas parroquias de Salvaterra e Corzans nas que se localizan a maior variedade de bens arquitectónicos, cando menos os máis destacables.

Das construcións civís destaca o Castelo-Fortaleza de Salvaterra. O conxunto histórico está situado no lado S. da praza do Castelo, Salvaterra. Repártese por uns 9700 metros cadrados de superficie na que se inclúe parte do recinto amurallado coas súas garitas, a Casa do Conde, o pazo de Dona Urraca e a capela da Virxe da Oliva, inmediata a los muros del castelo. A construción orixinaria data da Idade Media, en torno ao século X, respondendo a un recinto amurallado coas súas dependencias conformando una envexable atalaia sobre o Miño. A muralla que rodeaba o castelos foi obra do enxeñeiro francés Carlos de Lessar. Para a súa construción utilizáronse pedras dun convento franciscano que había preto de Salvaterra. Estas presentaban troneiras para os canóns, así como un foxo que a rodeaba. A súa historia está intimamente relacionada cunha serie de acontecementos que dan nome a algunha das súas estancias máis características. A súa magnífica situación e recia fábrica xogarían un papel de primeira orde durante a sublevación de Portugal no 1640.

De Carlos de Lessar tamén son as chamadas “covas de Dona Urraca”, pertencentes ao antigo Palacio dos Condes e que se atopa en moi boa conservación. Destaca a dobre escaleira de caracol de dobre rampla do seu interior.

O concello de Salvaterra de Miño tamén presenta unha enorme riqueza en canto á construcións civís se refire, das que destacan os pazos e casas grandes. Existen un total de 12 pazos repartidos entre



as parroquias de Corzáns (2), Fiolledo, Leirado, Cabreira, Salvaterra (2), Lira, Porto, Arenteí, Oleiros e Alxén. Deles destaca o Pazo-Torre de Petan, en Corzáns, que data do 1759, o Pazo das Barreiras, en Salvaterra, do século XVII, ou o Pazo do Souto en Arenteí do século XVI.

Tamén destaca a ponte medieval sobre o río Tea, na parroquia de Fillaboa.

Vinculado aos cursos fluviais están os muíños de auga. As características orográficas que presenta o concello fai que estas construcións non sexan moi numerosas, localizándose ás beiras dos principais cursos fluviais agás do Miño. Así, ao longo do curso do río Tea atópanse 4 destas construcións, 2 no río Uma na parroquia de Vilacoba e 3 no curso do Lobeiro.

Por outro lado están as construcións de tipo relixioso baseadas na presenza de igrexas, capelas, ermidas e conventos. En total contabilízanse dezasete igrexas, unha por cada parroquia existente, sete capelas e catro ermidas.

Destaca a capela de Oliveira, que na actualidade é unha das entradas do recinto amurallado, que data do século XVII. Conserva un frontal de pedra con tres escudos na súa parte superior, ao igual que as coroas e a cruz portuguesa.

A igrexa parroquial de San Lourenzo de Salvaterra data do século XIII. Ten unha fachada de estilo renacentista e no altar maior destaca a presenza da talla do Santísimo Cristo da Victoria do ano 1733.

Do resto dos edificios destas características destacan as igrexas de San Miguel de Cabreira, do ano 1710, a de San Salvador de Leirado, do século XV aínda que sería reformada no 1882; ou a de San Adrián de Meder do s. XVIII. Das ermidas e capelas destaca a de San Roque de Leirado, do 1792; a ermida de Nosa Señora da Asunción de Pesqueiras, das que destaca a súa localización baixo unha rocha, o altar de orixe celta e un pórtico do século XVIII; a capela de San Amaro de Porto do 1582; e a capela da Oliveira en Salvaterra.

IGREXAS	PARROQUIA	IGREXAS	PARROQUIA
San Pablo	Alxén	San Adrián	Meder
San Pedro	Arenteí	Santa María	Oleiros
San Miguel	Cabreira	Santa Mariña	Pesqueiras
San Miguel	Corzáns	San Paulo	Porto
San Pablo	Fiolledo	San Lourenzo	Salvaterra
San Xoán	Fornelos	Santa Comba	Soutolobre
San Salvador	Leirado	San Andrés	Uma
San Simón	Lira	San Xoán	Vilacoba



IGREXAS	PARROQUIA	IGREXAS	PARROQUIA
Santo André	Lourido		
CAPELA/ERMIDA	PARROQUIA	CAPELA/ERMIDA	PARROQUIA
Ermida de San Brais	Corzans	Ermida de San Amaro	Lira
Capela da Virxe do Carme		Capela de San Sebastián	
Capela de San Gregorio	Fiolledo	Capela da Virxe da Luz	Meder
Capela de Santa Rosa	Fornelos	Ermida do Santo Cristo da Agonía das Gándaras	
Capela de San Roque	Leirado	Ermida da Nosa Señora da Asunción	Pesqueiras
		Capela de San Amaro	Porto

Por parroquias, destaca a presenza de elementos arquitectónicos repartidos por toda a superficie municipal, aínda que se deixan notar nas de Salvaterra, Corzans e Meder. Destacando o patrimonio civil de Salvaterra, co seu castelo-fortaleza e os pazos, así como a variedade patrimonial que recolle a parroquia de Meder.

4.3. Patrimonio etnográfico

O patrimonio etnográfico conforma un conxunto de elementos, materiais e inmateriais, produto da actividade que o ser humano desenvolve dentro dun territorio nun tempo determinado. Neste senso, o concello de Salvaterra de Miño presenta unha ampla e variada riqueza patrimonial, da que destaca o patrimonio inmaterial que comparte cos concellos veciños galegos como cos do país veciño. Este feito levou a que se promovese unha candidatura conxunta para conseguir por parte da UNESCO a declaración deste Patrimonio Inmaterial como Patrimonio da Humanidade.

Do patrimonio etnográfico material destaca a presenza de cruceiros e petos de ánimas, vinculados á cultura relixiosa. Son numerosos neste concello, estando repartidos por toda a súa superficie. Deste xeito, pódense atopar sete cruces de pedra, que se reparten polas parroquias de Corzans (2), Fiolledo, Fornelos, Porto, Soutolobre e Uma; e cinco petos de ánimas, de entre os que destaca o de Fiolledo que data do 1799, mentres que o resto, nas parroquias de Corzans, Meder, Pesqueiras, e Uma datan da primeira metade do século XX.

Do patrimonio inmaterial destaca a similitude cultural que este concello presenta cos seus veciños como cos do outro lado do Miño (Portugal). Tanto o territorio como a poboación conservan diversas formas de cultura oral compartida por galegos e portugueses e na que os procesos de transformación da natureza e cultura presenta singularidades evidentes. Entre elas podemos citar:



- Unha rica literatura oral, música e danza, moi semellantes na Galicia e no Norte de Portugal na que se reflecte unha visión do mundo. As regueifas, ou cantares de desafío improvisados, son unha boa mostra desta literatura oral, ao igual que as variadas lendas, contos, cantigas, romances, refráns e adiviñas que aínda se conservan, na memoria dos máis vellos.
- Unha Simboloxía marcada polo contexto histórico e ecolóxico que identifica unha consciencia cun referente cultural idéntico.
- As festas. que se adaptaron aos ritmos da natureza e do ano, con festas do ciclo anual, festas dos patronos e romarías.
- Falas que, apesar das súas variantes dialectais e a influencia da lingua dos respectivos estados, conservan afinidades léxicas, fonéticas, morfolóxicas e sintácticas evidentes.
- Formas de cultura vinculadas ao medio ecolóxico marítimo, con embarcacións típicas como a *dorna* ou o *moliceiro*, así como vellos saberes sobre localización de *caladoiros* para “matar peixe”,
- Unha cultura agraria nos vales máis ricos con predominio de cultivos como o millo ou a viña, o que dá lugar a formas específicas de apropiación da terra e de transformación dos produtos. Unha cultura centrada na cría de gando e no cultivo do centeo.
- En relación coa explotación do medio persisten habilidades e saberes artesáns que se gardan na memoria oral, como a lembranza dos afiadores de Ourense, que chegaron a crear unha fala gremial, ao igual que sucede coa xerga dos canteiros pontevedreses.
- A vestimenta tradicional.

Entre os aspectos etnográficos non materiais tamén destaca a celebracións de festas populares e romarías. Destaca o núcleo de Salvaterra como o lugar onde se desenvolve un maior número de eventos. A nivel xeral, destacan as festividades por motivacións relixiosas, aínda que tamén destacan as actividades culturais e festas degustación dos produtos da zona, neste senso, do viño. É entre os meses xullo e setembro cando se celebran a maior parte destas festas.

Destaca sobre o resto a Festa do viño do Condado, que se celebra no mes de agosto en Salvaterra. Este evento vense a celebrar no histórico recinto amurallado dende o ano 1960 de Salvaterra, contando cunha gran acollida popular.

A cita principal do festexo é o último domingo do mes de agosto, non obstante, dende varios días antes desenvólense no concello actividades culturais e actos de homenaxe ao viño do Condado,



dende conferencias, catas comentadas por expertos e exposición de viños, ata artesanía, pintura, escultura, fotografía antiga ou concentración de coches de época, entre outras.

Durante toda a mañá do domingo, os visitantes poden degustar o viño desta subzona, enmarcada dentro da D.O. Rías Baixas, acompañado por produtos típicos como polbo, sardiñas, empanada ou lamprea, ao tempo que tamén se outorgan premios aos "Viños deliciosos do Ano".

Ao igual que en Salvaterra, a parroquia de Arantei tamén acolle dende o ano 1998 a "Festa do Viño Novo" todos os meses de novembro, na que durante esta xornada se exalta o viño da última colleita, ao tempo que os asistentes poden adquirir viandas como polbo, empanada, lamprea, etc., e escoitar a actuación de diferentes grupos folclóricos de baile e gaitas da zona. A degustación dos viños brancos e tintos, doados polos veciños desta parroquia, é gratuíta, co motivo de dar a coñecer os exquisitos caldos que artesanalmente se producen en Arantei.

Do resto do concello destacan as festas populares dedicadas aos patróns parroquiais, destacando de maneira especial o festival de DJ's "O Son da Muralla" que se celebra en Salvaterra no mes de agosto e dende o ano 2002, así como o Festival de pop-rock "O Sarao da Discordia" que se celebra na parroquia de Leirado. Ambos conseguen atraer a multitude de mozos durante a súa celebración.

O resto das actividades festivas que se celebran no concello son:

Alxén	Festa de San Paio o 26 de xuño
	Festa de Santiago Apóstolo en Grixo o 25 de xullo
	Virxe das Dores o 2º fin de semana de agosto
Arantei	Festa de San Pedro o 29 de xuño
	Festival Folclórico Internacional en agosto
	Romaría de San Roque o 16 de agosto
	Festa do Viño Novo en novembro
Cabreira	Festa do San Roque o 16 agosto
Corzáns	Romaría de San Brais o 3 de febreiro
Fiolledo	Virxe do Carme o 3º fin de semana de xullo



Fornelos	<p>Festa do ovo en marzo</p> <p>Festa de San Xoán o 24 de xuño</p>
Leirado	<p>Festa de Antroido en febreiro-marzo</p> <p>Festa de San Roque en agosto</p> <p>Festival pop-rock “O Sarao da Discordia” en agosto</p> <p>A Purísima Concepción o 8 de decembro</p>
Lira	<p>Festa de San Sebastián o 20 e 21 de xaneiro</p> <p>Festa de San Simón o 28 de outubro</p>
Lourido	<p>Virxe da Cabeza o martes de Pascua</p>
Meder	<p>Festa do Corpus Christi a mediados do mes de xuño</p> <p>Festa da Virxe da Luz o primeiro fin de semana de xullo</p> <p>Festa do Santo Cristo da Agonía e da Virxe das dores o 21 e 22 de setembro</p>
Oleiros	<p>Festa de Santa Columba o 1 de xaneiro</p> <p>Festa da Pascua en marzo-abril</p>
Pesqueiras	<p>Romaría da Virxe da Ascensión o domingo de Pentecostes en maio</p> <p>Romaría de san Roque en agosto</p>
Porto	<p>Romaría de San Amaro o 15 de xaneiro</p> <p>Romaría de san Roque en agosto</p>



Salvaterra	Cabalgata de Reis o 5 de xaneiro
	Festa da Pascua en marzo-abril
	Santísimo Cristo da Vitoria o 2º fin de semana de xuño
	San Lourenzo o 10 de agosto
	Festival de DJ´s “O son da Muralla” en agosto
	Festa do Viño do Condado o último domingo de agosto
	Festival de poesía do Condado en setembro
Uma	Festa do Santo Cristo o 1º domingo do agosto

A gastronomía de Salvaterra de Miño é do máis variada destacando sobremaneira os produtos do río como a lamprea, as angulas, a anguía ou o salmón, sen esquecer que tamén ten importancia a carne coa que se preparan exquisitos pratos como o cabrito e o año, que aproveitan os pastos dos montes das zonas máis elevadas do concello e que lle dan un sabor especial á súa carne.

Toda a terra do Condado é gastronómicamente falando unha “ruta de pracer”, e Salvaterra, pola súa vinculación aos ríos Miño e Tea, de gran riqueza en peixe, é considerada a capital gastronómica da cunca, especialmente en peixe do río. A lamprea, en todas as súas modalidades, é un dos exquisitos manxares dos seus restaurantes e un bo puntal da economía da zona. As angulas, outro exquisito e prezado prato destas terras. A anguía, que é a angula en estado adulto. O salmón topa no Miño un río óptimo para o seu crecemento. O sáballo, o reo e a troita son outras especies presentes nos ríos da zona, e que tamén forman parte da súa gastronomía.

De entre os doces máis típicos destas terras destacan as froitas e as filloas.

Do mesmo xeito, para acompañar todos estes pratos no se deben esquecer os caldos que se obteñen no concello e que dan fama universal á bisbarra: o albariño e os brancos e tintos do condado, que fan desta terra merecedora da denominación de orixe Rías Baixas.

Todos estes produtos pódense degustar nos establecementos hostaleiros do concello, destacando o maior número de establecementos, así como a súa calidade, que se localizan na parroquia de Salvaterra, aínda que tamén podemos degustar os produtos da zona noutros establecementos espallados polas de Oleiros, Vilacoba, Alxén ou Arantei.



4.4. Recursos turísticos

O turismo no concello de Salvaterra de Miño é unha práctica que aínda está pouco desenvolvida a pesares da riqueza cultural e patrimonial que atesoura. A súa localización no extremo S. da provincia de Pontevedra, ao pé do río Miño e lindando con Portugal, pode ser un dos factores a ter en conta á hora de desenvolver esta actividade, servindo de porta de entrada cara o noso país, ao tempo que se fomentaría a chegada de visitantes dos seus arredores. A isto habería que sumarlle unhas boas condicións climáticas con veráns frescos e invernos suaves que favorecerían a práctica de actividades relacionadas co lecer e tempo libre.

A proximidade do concello a vilas turisticamente máis consolidadas, como Baiona ou Vigo, tamén pode ser considerado como unha fortaleza, xa que estas non só son receptoras de turistas se non que tamén actúan como emisoras de visitantes de día (excursionistas) cara outras zonas, polo que a situación de proximidade de Salvaterra respecto a estes e as boas comunicacións existentes favorecería a chegada de visitantes e o incremento da actividade neste sector.

O sector turístico de Salvaterra de Miño pódese diferenciar pola riqueza patrimonial e pola gastronomía, así como pola oferta de rutas e sendeiros para realizar actividades relacionadas coa natureza e o tempo libre.

Para poder conformar un mapa municipal de recursos turísticos incorporouse todo aquel elemento material e inmaterial que pode ser aproveitado para o goce da poboación local, así como para a atracción de visitantes. Deste xeito, pódese agrupar todo aquel patrimonio que dado o seu estado de conservación, xunto coas características do entorno no que se localiza, pode ser considerado como unha fonte de recursos para a atracción de turistas e a potenciación deste sector no futuro.

Un dos factores que pode atraer visitantes é a riqueza natural do concello, a presenza de bosques autóctonos e ben conservados. Estes son escasos dentro do territorio salvaterrense, pero pode verse compensado polo rico patrimonio cultural que ostenta, así como pola presenza de rutas de sendeirismo, unha rica gastronomía baseada nos produtos do río e un clima moi favorable.

Do patrimonio municipal destaca a fortaleza-castelo de Salvaterra, que se atopa en bo estado de conservación e que posúe unha ampla historia que explica o significado e orixe destas terras. Ao redor deste sitúanse outros elementos patrimoniais como as “ Covas de Dona Urraca”, a capela de Oliveira que é unha das portas de acceso ao castelo, ou a propia igrexa do castelo, que hoxe é a parroquial. Sen dúbida, conforma un importante e interesante conxunto histórico-patrimonial que pode ser posto en valor, o que garantiría a súa mellor conservación.

Tamén son importantes os pazos e casas grandes, que constitúen insignes residencias que se atopan espalladas polas diferentes parroquias do concello e que proceden de poderosas liñaxes. Algúns deles son de titularidade privada. A meirande parte presenta un bo estado de conservación e poden



configurar un elemento de atracción dada a súa singular beleza así como a do entorno na que se localizan, podendo establecer unha ruta que os conecte. De entre todos destacan a Casa-Torre de Petan (Corzans), o Pazo das Barreiras do S. XIX, o Pazo do Porto do S. XVI e o Pazo de Arentei.

Dos bens arqueolóxicos destaca a presenza de restos da época castrexa como as acrópoles de Castro Alegre, Fozans, Monte Castelo e Monte do Castro, así como os castros de Lira e A Cividade en Leirado, e as abondosas mámoas do lugar da Salgosa (Oleiros), a necrópole megalítica do monte Penide e os numerosos bens arqueolóxicos que nos arredores deste monte se poden atopar, como mámoas, petróglifos, gravados rupestres e mesmo restos de materiais da época. Sen dúbida, un lugar que dada a elevada cantidade de elementos que neles se recollen, ben pode ser considerado de interese cultural e patrimonial e posto en valor para preservar e fomentar a cultura do noso país.

Outro elemento interesante é a ponte gótica de Fillaboa, que configura un entorno fermoso e tranquilo á par da que se sitúa unha praia fluvial.

Tamén destaca o número de recursos de orixe relixiosa, na que sobresaen en canto á cantidade as igrexas e ermidas, así como tamén e frecuente toparse con cruceiros e petos de ánimas, estes últimos menos usuais. Todo o conxunto arquitectónico relixioso presenta un bo estado de conservación grazas en parte a que moitos destes inmóbeis están en funcionamento.

Así mesmo, os visitantes pódense recrear no miradoiro natural do Monte Castelo, dende o que se pode percibir unha fermosa visual do val do río Tea.

Non se deben esquecer as numerosas rutas a pe que se poden facer por estas terras e que atravesan paraxes. O visitante ten onde escoller, dende “rutas verdes”, a través das que poden apreciar e gozar da natureza, ata “rutas pacegas” para coñecer os pazos, “rutas relixiosas” ou mesmo “rutas histórico culturais”. Das rutas verdes destacan os amplos paraxes naturais como o que regala o parque público da Canuda, que conta con 35.000 m² desde onde se pode contemplar o río Miño e a beleza paisaxística da ribeira portuguesa coa vila de Monçao. A tranquilidade que ofrece a beira do Miño compaxínase coas diferentes especies de árbores, así como a oferta de zonas de recreo para os máis pequenos. Paralelo a este parque discorre o paseo fluvial, conformando un excelente lugar para pasear e acceder ao pequeno embarcadero. Tamén pode recrearse no paseo fluvial que discorre pola beira do río Miño, en paralelo ao parque anterior, onde se desenvolveu un acondicionamento da paisaxe, ademais da ampliación do paseo fluvial da marxe dereita do río Miño ao seu paso por Salvaterra de Miño. Ademais, este está á espera dunha segunda fase de execución que se levará a cabo nun espazo de tempo moi curto.

As “rutas pacegas” tentan amosar ao visitante o berce das poderosas liñaxes que habitaron o municipio, no que se poden ver insignes residencias espalladas entre as diferentes parroquias que o conforman, marcando un trazado de norte a sur: o Pazo de Lira, do s. XIII, estreitamente vinculado aos apelidos Lira e Troncoso; o Pazo-torre de Petán (Corzans), que foi de D. Diego Sarmiento e



Soutomaior; o solemne Portalón da Inquisición (Corzans) de 1668, levantado polo inquisidor D. Bartolomé Barbeito; a Casa de Teáns (Oleiros) do s. XIX; o Pazo das Barreiras (Salvaterra) do s. XVII; ao Pazo da Fillaboa (entre Arantei e Cabreira); o Pazo de San Amaro (Porto) do s. XVI, propiedade de Vázquez Pereira de Castro; a Casa do Piñeiro (Alxén), coa súa columnata de beleza arquitectónica clásica e o Pazo de Souto (Arantei) do s. XVII, vinculado a liñaxe dos Barros. Todos eles constitúen claros exemplos da imperante arquitectura civil do municipio, e algúns son agora sede de importantes adegas que producen viño de renome internacional.

As “rutas relixiosas” tentan amosar ao visitante a arte e o legado que a influencia eclesiástica deixou no concello en forma de igrexas e ermidas. Destacan as parroquiais de: San Xoán de Fornelos, que garda no seu interior fermosos retablos barrocos; San Salvador de Leirado, co seu sorprendente campanario; San Lourenzo de Salvaterra, de estilo renacentista; San Paio de Alxén e Santa Marina de Oleiros, de fermosa arquitectura. Tamén se poden visitar as ermidas de San Amaro en Lira ou a da Nosa Señora da Asunción en Pesqueiras, encravada nunha gran rocha e entorno a que xiran numerosas lendas de carácter popular. As capelas da Virxe da Luz en Meder ou a Capela de San Roque en Leirado, marcan o trazado de continuación do camiño, así como os innumerables cruceiros, os petos de ánimas de A Salgosa en Fiolledo, o de Vilacova ou o do Real en Pesqueiras e outras manifestacións de arte popular espalladas polo noso termo.

Os amantes da natureza poderán gozar da fantástica vexetación autóctona que aínda conservan as ribeiras do Miño e Tea, consideradas Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral, así como das praias fluviais de Fillaboa, ao par da ponte medieval, e de Cordeiro en Alxén.

Pero se por algo é coñecido este concello é pola súa riqueza gastronómica e polo famoso viño do Condado, enmarcada dentro da D.O. Rías Baixas. Isto é motivo de celebración da festas de exaltación dos caldos que se producen nestas terras, destacando a Festa do Viño do Condado, que se celebra o último domingo do mes de agosto en Salvaterra, e a Festa do Viño Novo, que se celebra na parroquia de Arentei a primeira semana de novembro. Tamén é coñecida a riqueza piscícola que presenta o Miño, do que se extraen especies como a lamprea, angulas, anguía ou salmón, que conforman manxares exquisitos e típicos deste concello. Dos pratos elaborados a base de carne sobresa o cabrito e o año que se alimentan nos pasteiros das zonas elevadas do concello.

Os amantes das tradicións e das festas e romarías poden escoller entre un amplo programa festas populares que se desenvolven por todo o concello e ao longo do ano conmemorando a onomástica dalgún Santo ou Virxe, sendo máis frecuente nos meses de verán. Así mesmo, no municipio desenvólvense unha serie de actividades culturais que atraen a numerosos visitantes, sobre todo poboación moza, resaltando o “Festival de DJ’s O Son da Muralla” e o Festival de poesía do Condado, que se celebran en Salvaterra, o “Festival Pop-Rock O Sarao da Discordia” en Leirado, ou o “Festival Folclórico Internacional” en Arentei.



A nivel xeral pódese apreciar como o concello presenta un interesante patrimonio natural e cultural que pode ser posto en valor para seren convertidos en produtos de calidade, xa que a calidade é unha das condicións que os visitantes poñen á hora de viaxar cara un destino determinado. A ausencia de costa pode ser aproveitada pola presenza do Miño para desenvolver actividades semellantes ás que se fan no litoral ao mesmo tempo que se aproveita a súa riqueza piscícola que refunde nunha gastronomía exquisita e moi particular deste concello.

Os recursos patrimoniais atopados tamén de poden aproveitar para a atracción de visitantes, sempre que se mellore oferta de servizos relacionados co turismo. Así, xa se teñen deseñadas rutas de diferente estilo (verde, culturais, relixiosas) que comunican os diferentes recursos, conformando un itinerario atractivo e vistoso para os visitantes.

Tamén destacan as actividades lúdico-culturais que se desenvolven e que pretenden revalorizar os produtos típicos da zona, así como atraer poboación de todas as dades, destacando as festas de exaltación do viño, as romarías e festas populares e outros eventos (Festival de DJ's, Festival pop-rock, Festival de poesía, Festival folclórico internacional...), que sen dúbida, xeran un aumento na actividade social e económica do núcleo que os alberga á par que atraen un elevado número de visitantes.

Non obstante, un dos inconvenientes que presenta Salvaterra de Miño é a escasa oferta de aloxamento que posúe, o que repercute de maneira negativa na estadía dos visitantes, que ao non dispor dunha oferta hostaleira suficiente provoca unha estadía menor. Actualmente, este servizo ademais de ser insuficiente e de baixa calidade, necesitando unha mellora importante tanto no número de aloxamentos como na calidade dos mesmos.

Os restaurantes concéntranse principalmente na parroquia de Salvaterra, aínda que polo resto do concello tamén se pode atopar algún destes establecementos, sobre todo nas parroquias de Alxén, Arantei, Vilacoba e Oleiros. Os seus pratos baséanse nos produtos do río, dos que destacan a lamprea, as angulas, anguías e o salmón, mentres que na elaboración de pratos con produtos do interior destaca o cabrito.

En conxunto, o turismo de interior e gastronómico semella ser o potencial que posúe Salvaterra de Miño, característica que debería aproveitar para revalorizalo e promovelos no exterior, dado o progresivo incremento que a practica desta actividade está a experimentar entre os visitantes en detrimento do turismo de sol e praia (pola masificación dos areas, a baixa calidade hostaleira e a contaminación que sofren moitas zonas de costa), buscando así nos espazos do interior unha maior calidade ambiental e natural, así como máis tranquilidade, sen descoidar as actividades culturais e a gastronomía.



5. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS

5.1. Planeamento urbanístico vixente

O planeamento vixente na actualidade no concello de Salvaterra de Miño son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas o 12 de xullo de 1993 e publicadas no BOP do 26 de xullo. Sobre estas normas realízanse pequenas modificacións co fin de desenvolver actuacións e estratexias de mellora e desenvolvemento do concello, como foron os casos das melloras desenvolvidas en Chan da Ponte ou no entorno da Casa da Cultura, así como o Plan Parcial aprobado para o desenvolvemento da Zona Industrial de Chan da Ponte.

Para realizar calquera clase de consulta, o concello pon a disposición dos veciños e interesados un arquitecto e un aparellador que atenden nas dependencias municipais da casa do concello todos os mércores en horario de 8:00 a 15:00 h.

5.2. Infraestruturas de comunicación


A posición de Salvaterra de Miño no S. da provincia e limitando con Portugal fai que cobren importancia ás infraestruturas viarias, tanto as que comunican o concello cos seus arredores como as que entren en territorio portugués. Aínda así, na actualidade a rede de estradas que comunica este territorio non é a máis apropiada, ben sexa polo tipo da vía ou polo estado das mesmas. A presenza do río Miño ao S. do concello resultou fundamental para o seu desenvolvemento económico, concentrándose neste espazo o maior número de habitantes así como as actividades comerciais, o que leva a que a rede viaria sexa máis intensa e importante nesta parte do termo Salvaterra.

A principal vía de comunicación que atravesa este territorio é a autovía A-52, tamén coñecida como autovía das Rías Baixas, e comunica as cidades do S. de Galicia (Vigo e Ourense) coa Meseta castelá. Ao seu paso por este territorio atravesa as parroquias máis setentrionais de Lira e Vilacoba, a primeira cunha dirección L.-O. mentres que na segunda modifica o seu percorrido presentando unha dirección NL.-SO.

Do resto das estradas sobresaen a PO-412 e parte da PO-400, de primeiro orde. A primeira entra no concello pola parroquia de Cabreira e presenta un percorrido moi pequeno que a leva ata a confluencia da PO-404 e a PO-400 no NL. da mesa parroquia. A segunda, que parte dende o cruce de camiños anteriormente mencionado mantén a categoría de primeiro orde ata o lugar do Castelo, a partir do que entra a formar parte da rede viaria de segundo orden. Presenta unha dirección L.-O. circulando de forma case paralela á vía férrea e saíndo pola SL. da parroquia de Oleiros. A PO-403, temen de segundo orden, presenta unha dirección N.-S., entrando pola parroquia de Fornelos e atravesando todo o concello ata chegar ao S. da de Salvaterra.



Das estradas de 3º orden sobresaen a PO-404 e a PO-402, ambas levan unha dirección N.-S. A primeira localízase no O. do concello e atravesa as parroquias de Arentei e Porto, rematando na confluencia coa outra estrada de similar categoría ao S. da parroquia de Cabreira. A PO-402 localízase na metade L. do termo municipal, comunicando as parroquias de Uma, Vilacoba, Leirado, Soutolobre, Corzáns, Fiolledo e Oleiros, onde pon fin ao seu percorrido unha vez comunica coa PO-400.



A rede de estradas locais non é moi densa aínda que si é suficiente para comunicar todos os núcleos do municipio. Unha boa parte destas comunican as zonas centrais e L. do concello, mentres que a zona do SO. a penas presenta estradas locais. Moitas delas posúen un trazado e un firme irregular así como un ancho de vía estreito que dificulta o tránsito rodado.

Mención a parte merece a vía férrea Vigo-Ourense, que atravesa o concello cunha dirección L.-O., aínda que nun momento determinado toma unha dirección N.-S. (nas parroquias de Arentei e Porto) para adaptarse ás características orográficas e salvar así as pequenas pendentes que presenta o terreo. Leva unha traxectoria que en todo momento vai paralela ao río Miño dende a súa entrada no concello ata a saída.

Destaca a densa rede de pistas e camiños que posúe e que se expanden por todo o termo municipal. Esta rede é máis intensa nas zonas elevadas (outeiros e vertentes dos vales fluviais), destacando as parroquias de Fornelos, Pesqueiras e Meder. Pola contra, nas zonas de menor pendente e de fondo de val esta rede de camiños é menos densa.

En canto a infraestruturas industriais, hai que dicir que a cabalo entre a parroquia de Oleiros e o concello das Neves sitúase a Plataforma loxística de Salvaterra-As Neves. Este parque empresarial, que está a ser construído polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, vai entrar en funcionamento a finais do ano 2006 ou principios do 2007 e será a maior área empresarial da comunidade autónoma galega, contando con 4.000.000 de m² de solo, onde se emprazará un centro intermodal, un centro integrado de servizos, un área empresarial e un área multifuncional industrial.



5.3. Centros educativos

Dentro do municipio existen un total de catorce centros educativos, todos eles de titularidade pública. A parroquia de Salvaterra, principal centro comercial e social do concello, é a que presenta unha maior oferta educativa.

Oito destes centros son Escolas de Educación Infantil (EEI), que se sitúan nas parroquias de Alxén, Arantei, Cabreira, Corzáns, Fornelos, Meder, Oleiros e Pesqueiras. Así mesmo, está o Centro Rural Agrupado (CRA) de A Lagoa, na parroquia de Salvaterra. Tres Centros de Educación Primaria (CEP), o CEP Infante Borbón en Salvaterra, no que se imparten clases de Educación Especial, Infantil e Primaria; o CEP Carlos Casares de Alxén, que imparte clases de (educación Infantil e Primaria; e o CEP Leirado, no que se imparte Educación Especial, Infantil e Primaria. Completan a rede de centros un Instituto de Educación Secundaria (IES) de Salvaterra, no que imparten clases de LOXSE, ESO, ciclos formativos de grao media e programas de garantía social, e unha Casa de Artes e Oficios.

Ademais, nos centros educativos que hai no concello hai 9 grupos de educación infantil que van dende os 3 anos ata os 5 anos, cun total de 159 alumnos. Esta oferta resulta insuficiente por que só hai tres garderías que atenden á poboación de 0 a 3 anos, e no concello hai 292 rapaces e rapazas de 0 a 4 anos, segundo datos do Padrón municipal de habitantes do ano 2005.

Non existen neste concello ningún centro de ensino superior vinculado á universidade.

5.4. Servizos sociais

O obxectivo dos servizos sociais é o de servir aos diferentes grupos sociais que presentan problemáticas específicas e que requiren un tratamento axeitado.

Así mesmo, o concello dispón dun servizo de Orientación Laboral, para as persoas desempregadas do municipio, e unha OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil), na que se prestan servizos á xuventude do concello asesorándoos en diversas materias de interese: vivenda, asociacionismo e voluntariado, estudos, etc.

No referente aos servizos dirixidos cara a Terceira Idade, no concello localízase unha residencia da terceira idade con capacidade para 108 persoas. Esta oferta é insuficiente se temos en conta que en Salvaterra había, no ano 2005, 1771 persoas maiores de 65 anos das que o 47,15% pasaba de 75 anos.

Ademais, para avaliar a demanda de servizos sociais no concellos faise necesario coñecer o número de posibles usuarios, entre os que están as persoas que perciben a RISGA e a AES.

- A RISGA (renda de integración social de Galicia) é unha axuda económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns de entre 25 e 65 anos,



que aínda que teñen idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. No ano 2003 había no concello 4 persoas percibindo esta renda.

- A AES (Axudas de Emerxencia Social) é unha prestación económica, non contributiva, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. No ano 2003 había en Salvaterra 4 persoas beneficiarias da axuda.

6. POBOACIÓN E VIVENDA

A continuación analizaranse os principais datos relacionados coa poboación e a vivenda en Salvaterra de Miño, faranse comparacións cos datos relativos á AMV, coa finalidade de coñecer a representatividade do concello e as súas diferenzas ou similitudes con respecto aos outros concellos que a integran. Noutros casos as comparacións faranse tamén con respecto á provincia de Pontevedra e Galicia.

Os datos utilizados para a análise proveñen dos publicados polo INE e o IGE, a partir dos que se elaboraron todas as operacións estatísticas incluídas neste estudo socioeconómico. Os datos están estruturados nos seguintes apartados:

1. Efectivos poboacionais e evolución demográfica, no que se pretende obter unha visión da actual composición da poboación do concello, tendo en conta o número e súa distribución por sexo, a súa procedencia, así como a súa traxectoria dende o inicio do século 20.
2. Estrutura da poboación, atende aos grupos de poboación segundo a idade vendo como o peso destes grupos poden estar determinando o desenvolvemento económico e social, a través da obtención dunha serie de índices.
3. Movemento natural da poboación, fixándose nos tres principais fenómenos demográficos: os nacementos, as defuncións e os casamentos, e a súa evolución.
4. Movements migratorios, tendo en conta a procedencia e o destino das poboacións migrantes, analizando tamén a súa evolución ao longo do século ata a actualidade.
5. Nivel formativo da poboación do concello a partir dos datos publicados no censo de poboación e vivendas do ano 2001, referidos a poboación de 16 e máis anos de idade. Ademais, tomando os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, verase o último dato de matriculación, en ensino non universitario no concello.



6. Por último, o apartado 6, que estuda a composición e principais características da Vivenda no concello.

6.1. Efectivos poboacionais

A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial

Segundo o último dato publicado polo INE, a poboación de Salvaterra de Miño en xaneiro de 2005 era de 8.375 persoas, distribuídas segundo sexo en 4.105 homes e 4.270 mulleres. O reparto poboacional tendo en conta o sexo, entre as 17 parroquias que compoñen o concello é o seguinte:


Distribución da poboación de Salvaterra de Miño por parroquias, segundo sexo.
Ano 2005.

Parroquia	Poboación total	Homes	Mulleres
Alxen (San Pelaio)	716	361	355
Arantei (San Pedro)	469	237	232
Cabreira (San Miguel)	443	209	234
Corzans (San Miguel)	283	146	137
Fiolledo (San Pelaio)	268	118	150
Fornelos (San Xoán)	737	371	366
Leirado (San Salvador)	657	312	345
Lira (San Simón)	345	186	159
Lourido (San Andrés)	120	55	65
Meder (San Adrián)	512	248	264
Oleiros (Santa María)	462	207	255
Pesqueiras (Santa Mariña)	588	271	317
Porto (San Pablo)	234	120	114
Salvaterra (San Lourenzo)	2047	1028	1019
Soutoloubre (Santa Columba)	118	52	66
Uma (San Andrés)	236	116	120
Vilacoba (San Xoán)	140	68	72
Total	8375	4105	4270

Fonte: INE



O concello de Salvaterra de Miño está composto por 17 parroquias, delas, a máis poboada é Salvaterra, cunha poboación de 2047 persoas, repartíndose entre 1028 homes e 1019 mulleres. O resto das parroquias teñen menos de 1000 habitantes. Delas, a máis poboada é Fornelos, con 737 efectivos, repartidos segundo sexo en 371 homes e 366 mulleres. Cunha poboación moi semellante, segue a parroquia de Alxen, sendo o número de mulleres de 355 e o de homes de 361. A poboación segue a descender nas restantes parroquias, ata as menos poboadas, con menos de 200 habitantes, como son Vilacoba, 140 persoas, Lourido, con 120, e a menos poboada, con 118 habitantes, chamada Soutoloubre. Sinalar en canto ao reparto da poboación nas parroquias do concello, que en 10 das 17 que compoñen o concello, a proporción de mulleres supera á de homes.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

En relación á AMV, a poboación de Salvaterra de Miño representa o 1,80%, ocupando o noveno lugar entre os concellos, en canto a súa representación poboacional sobre a AMV, a moita distancia en relación a Vigo, que representa o 63,08%, sendo o concello cunha porcentaxe máis próxima a de Pazos de Borbén, 1,54%.

B) Densidade demográfica

A seguinte gráfica mostra a densidade demográfica, que indica a concentración da poboación por quilómetro cadrado, neste caso comparando a correspondente a Salvaterra de Miño, AMV, Pontevedra e Galicia. A densidade demográfica no concello é de 134 habitantes/km.², moi por debaixo da AMV, que posúe unha densidade de 621,39 habitantes/ km.². A densidade demográfica en Salvaterra de Miño é tamén inferior á da provincia, que é de 215,86 habitantes/ km.² e superior á de Galicia, que é de 93,33 habitantes/ km.².






Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia

Tendo en conta a poboación do concello segundo o seu lugar nacemento e residencia, como mostran os datos do Padrón Municipal de Habitantes correspondentes ao ano 2005, a mobilidade da poboación do concello é superior á que se produce a nivel da AMV, Pontevedra e, lixeiramente por enriba da de Galicia. Así, o 60,09% da poboación do concello naceu e reside no mesmo, mentres que nos outros territorios compártense valores superiores, o máis próximo ao de Salvaterra de Miño é o de Galicia, 60,74%, seguido da AMV, onde o 61,65% da poboación naceu nalgún dos concellos que a integran, e por último, Pontevedra, cun 65,26% que naceu e reside no mesmo concello. Salvaterra de Miño é receptora de poboación procedente doutros concellos pontevedreses, en maior medida do que o son os outros tres territorios analizados, así o 24,81% da poboación naceu noutro concello pontevedrés, mentres que en Galicia o 22,34% naceu noutro concello da mesma provincia onde reside. A AMV e Pontevedra comparten valores similares entre si, e inferiores aos do concello, en torno ao 16%. No caso da poboación residente no concello que naceu noutra provincia galega, o valor de Salvaterra de Miño é case 6 puntos inferior á porcentaxe da AMV, 4,34% e 10,02% respectivamente. Por debaixo da AMV, pero aínda representando unha porcentaxe maior que Salvaterra de Miño, está a poboación que reside na provincia de Pontevedra e que naceu noutra provincia galega, 7,45%, e tamén á do conxunto galego, que naceu nunha provincia diferente da que reside.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



A porcentaxe de poboación de Salvaterra de Miño residente no concello e que naceu noutra comunidade autónoma representa un 4,06%, sendo inferior aos porcentaxes que lles corresponden á AMV, 5,16%, Pontevedra, 4,32% e Galicia, 4,71%.


Por último, a poboación residente e nacida no estranxeiro representa en Salvaterra de Miño o 6,70% da poboación, situándose unicamente por debaixo da AMV, 6,78%, e por riba de Pontevedra, 6,19%, e Galicia, 5,80%.

D) Poboación segundo nacionalidade

En canto a nacionalidade da poboación do concello, no ano 2001, o 98,93% da poboación de Salvaterra de Miño posuía nacionalidade española e soamente o 1,07% era de nacionalidade estranxeira. As porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, son similares e lixeiramente inferiores aos de Salvaterra de Miño, caso da porcentaxe de persoas de nacionalidade española, 98,43%, 98,59% e 98,70%, respectivamente. Polo tanto, aínda que con valores moi similares, Salvaterra de Miño posúe unha porcentaxe de poboación con nacionalidade estranxeira que non supera á AMV, 1,59%, Pontevedra de 1,41% e Galicia de 1,30%. En relación a estes datos hai que ter en conta que dende o censo de 2001, é probable que estes datos teñan variado posto que nos últimos anos a chegada de poboación inmigrantes doutras nacionalidades ten aumentado no conxunto da AMV.

No procedencia da poboación de nacionalidade estranxeira en Salvaterra de Miño, chama a atención o feito de que a maioría da poboación estranxeira ten algunha nacionalidade europea, 89,53%, e dado a proximidade a Portugal é probable que a poboación proceda deste país. O restante 10,47% da poboación de nacionalidade estranxeira residente no concello é de nacionalidade americana, non rexistrándose ningún caso de poboación estranxeira procedente de África, Asia ou Oceanía. En termos absolutos, e tendo en conta o sexo, a poboación procedente de Europa é maioría feminina, xa que das 77 persoas con nacionalidade europea residentes no concello, 41 son mulleres e 37 homes. O mesmo acontece coa poboación de orixe americano, que se compón por 9 persoas, 8 mulleres e 1 home.

Distribución da poboación con nacionalidade estranxeira segundo procedencia. Ano 2001




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



A gráfica anterior mostra as porcentaxes de poboación con nacionalidade estranxeira segundo a súa procedencia en Salvaterra de Miño, AMV, Pontevedra e Galicia. O máis significativo é o feito de que nos outros tres espazos a poboación estranxeira ten maioritariamente a nacionalidade dalgún país americano, cuns valores entornao ao 51% nos tres casos. Así mesmo, destacar que mentres que en Salvaterra de Miño non existe ningún caso de poboación procedente de África, no caso da na AMV a poboación africana representa o 8,42%, en Pontevedra o 8,94% e en Galicia o 7,6%, Pontevedra e Galicia.

E) Evolución demográfica

Segundo os datos da evolución demográfica publicados polo INE e que recollen cifras de poboación de feito dende 1900 ata 1991, aos que lle engadimos os referidos ao Censo do ano 2001¹ e os datos dos Padróns para os anos 2004 e 2005, obsérvase como no concello se produciu un descenso de poboación ao longo do período, a excepción dunha etapa de estancamento, entre os anos 1940 e 1960, recuperando novamente a traxectoria crecente ata o ano 2005. A poboación de Salvaterra de Miño entre os anos 1900 e 2005 decreceu, en termos absolutos, en 867 persoas, pasando dunha poboación de 9.242 habitantes en 1.900 a 8.375 en 2005. Como se observa na gráfica, a poboación do concello ven descendendo, aínda que suavemente, dende o censo de 1970.



Fonte: INE


A variación relativa producida no concello é polo tanto negativa, -9,387. Comparando esta variación coa de AMV, Pontevedra e Galicia, resulta que é o único espazo onde se rexistra un valor negativo, xa que nos outros espazos, a variación poboacional foi positiva, especialmente na AMV, que foi do

¹ Segundo nota do INE, Os datos referidos á evolución da poboación dende 1900 a 1991 publicados polo INE son refírense a poboación de feito, proceden dos censos de poboación elaborados cada 10 anos. Para o período 1986 a 1995 os datos corresponden a poboación de dereito, son anuais e derivanse das renovacións padroais, e das rectificacións padroais para os demais anos. A partir do ano 1996 prodúcese un cambio lexislativo que elimina a distribución entre poboacións de feito e poboacións de dereito. Dende 1996 en diante as cifras de poboación teñen carácter oficial e se refíren ao 1 de xaneiro de cada ano. Nesta análise do concello de Salvaterra de Miño, engádese á evolución publicada polo INE os datos de poboación referidos ao ano 2001, 2004 e 2005.



342,46. A variación producida no conxunto da provincia é tamén superior á do concello, do 97,65, así como á galega, que foi do 36,12.

Na seguinte gráfica, sobre a evolución demográfica do conxunto da AMV, observase a diferenza existente con respecto ao concello de Salvaterra de Miño, cunha progresión negativa no período de 1900 a 2005, e a AMV, onde o aumento poboacional foi constante, coa variación poboacional xa sinalada, que se traduce nun aumento absoluto de 367.465 persoas.



Fonte: Censos de Poboación e Vivenda. INE.


6.2. Estrutura da poboación.

A) Pirámide de poboación

A estrutura da poboación por sexo e idade no concello de Salvaterra de Miño no 2005 exprésase graficamente na pirámide de poboación que se inclúe a seguir e que deixa ver os principais comportamentos poboacionais que están a caracterizar ao concello, como son o seu progresivo avellentamento, expresado polo estreitamento na súa base, debido ao descenso nas taxas de natalidade, e ao aumento da esperanza de vida das poboacións con máis idade. En xeral, este é o proceso que se está a vivir na maioría dos concellos galegos, se ven, nos concellos rurais esta tendencia é moito máis marcada que nos urbanos.



Pirámide de poboación de Salvaterra de Miño
Ano 2005



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A pirámide deixa apreciar como a distribución por sexo, sendo maioritaria a poboación masculina ata o grupo de idade de 60-64 anos, a partir dese intervalo, as mulleres superan aos homes.


Ademais, observase que os grupos de poboación máis numerosos, nos dous sexos, son de idades comprendidas ente 25 a 34 anos. Así, o grupo de poboación masculina de 25 a 29 anos, representa o 8,65% da poboación masculina, e no caso das mulleres desa idade, representan o 8,99%. O seguinte grupo de idade, 30 a 34 anos, é no caso dos homes o 9,45%, e algo menos no caso das mulleres, 7,38%.

B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade

En canto á distribución por grandes grupos de idade no ano 2004 en Salvaterra de Miño, o porcentaxe de poboación con menos de 16 anos representaba o 16,26%, a poboación entre 16 a 64 anos representaba o 65,77% e as persoas con 65 e máis anos o 17,96%. En relación aos outros territorios incluídos na análise, topámonos co feito de que en Salvaterra de Miño é proporcionalmente maior a poboación con menos de 16 anos, que na AMV, onde representa o 13,98%, Pontevedra con 13,86 e Galicia, aínda máis baixa, representando o 12,36%. En canto á poboación integrada polo grupo máis numeroso e considerado poboación potencialmente activa, de 16 ata 64 anos de idades, Salvaterra de Miño encóntrase por debaixo destes tres espazos, aínda que cunha porcentaxe moi similar á da Galicia, 66,32%, a máis distancia por riba de Pontevedra, 68,37%, e Galicia, 66,32%. E por último, no grupo de poboación de máis idade, o que ten máis de 64 anos, ao comparar a situación do concello cos outros tres espazos incluídos, temos que Salvaterra de Miño posúe unha porcentaxe de poboación menor que o que representan en Pontevedra e Galicia, 17,77% e 21,32%, e algo máis do que este grupo representa na AMV, 15,86%.




Distribución da poboación por grandes grupos de idade
Ano 2004



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A poboación estranxeira por grandes grupos de idade en Salvaterra de Miño distribúese nas seguintes porcentaxes: o 8,14% ten menos de 16 anos de idades, o 82,56% ten entre 16 e 64 anos e o grupo de máis de 64 anos supón o 9,30% da poboación estranxeira.

Distribución da poboación estranxeira por grandes grupos de idade
Ano 2001




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

O máis significativo con respecto aos outros tres espazos incluídos na gráfica é a menor peso da poboación moza, xa que no territorio metropolitano esta poboación representa o 13,62%, en Pontevedra do 14,36% e en Galicia do 14,49%. Tamén se atopa un maior peso da poboación potencialmente activa no concello con respecto aos outros territorios, en torno aos 3 puntos, xa que na AMV este grupo de poboación supón o 79,75% da poboación estranxeira, o 79,19% en Pontevedra e o 79,12% en Galicia. O grupo de poboación de máis idade tamén é maioritario en Salvaterra de Miño, con respecto á AMV, Pontevedra de Galicia, xa que as porcentaxes destes tres territorios sitúanse en torno ao 6%.




C) Idade media da poboación



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Na gráfica precedente compárase a evolución da idade media da poboación do concello de Salvaterra de Miño coa correspondente á AMV, Pontevedra e Galicia, dende o ano 1998 a 2002. Nos catro casos houbo un incremento deste indicador, sendo o maior o que se produciu no concello, de 2,9 anos, pasando dos 40,30 aos 43,20 anos de idade media, séguelle Galicia, cunha idade media no ano 2002 de 43,10; Pontevedra con 40,90 e por último, o territorio cunha idade media máis baixa, a AMV, con 40,34.

D) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

En relación ao Índice e dependencia global (IDG), que pon en relación aos grupos de poboación dependentes economicamente co grupo de poboación potencialmente activa, é dicir, as persoas de menos de 16 anos e as de máis de 64 co grupo de poboación con idade comprendida entre 16 e 64 anos, o valor correspondente a Salvaterra de Miño no ano 1991 era do 71,89%, é dicir que por cada 100 persoas consideradas potencialmente activas, había 71 persoas dependentes, con idades entre 0 e 15 anos e máis de 64 anos. O IDG en Salvaterra de Miño descendeu, ata chegar ao valor do 68,12% no ano 2004, sendo o segundo máis baixo dos catro espazos comparados, por riba da AMV, que posúe un IDG no ano 2004 do 61,50%. No caso de Galicia o IDG no nese ano é 78,35%, mentres que



Pontevedra é o espazo onde este indicador da estrutura da poboación creceu máis, acadando un valor no ano 2004 do 91,09%.



O Índice de Dependencia Xuvenil (IDX), que relaciona a poboación menor de 20 anos coa poboación potencialmente activa, experimentou un descenso significativo no concello de Salvaterra de Miño entre 1991 e 2004, pasando do valor 53,71 ao 28,28.

Pola contra, o Índice de Dependencia Senil (IDS), que compara os pesos do grupo de poboación maior de 64 anos co de 20 a 64 anos de idade, como se observa na gráfica, a tendencia é de crecemento dende o ano 1996. Nese momento o valor era do 30,47, incrementándose ata o ano 2004, no que acadou un valor do 40,85 persoas maiores de 64 anos por cada 100 de entre 20 e 64 anos de idade.


Estes dous indicadores están a reflectir as consecuencias do descenso da natalidade así como o progresivo avellentamento da poboación no concello.

E) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento

O Índice de Recambio da Poboación Activa (IRPA), indicador que relaciona a poboación entre 60 e 64 anos e a comprendida entre os 20 e os 24 anos, e que explica a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que abandonan o mercado de traballo ao acadar a idade da xubilación, decreceu en 4,9 puntos entre os anos 1991 e 2004 en Salvaterra de Miño, pasando do 74,01% ao 69,11%. Esta é outro indicador que nos fala do aumento do peso da poboación moza no concello, xa que mentres que no ano 1991 había 74 persoas de 60 a 64 anos por cada 100 de entre 20 a 24 anos no concello, no ano 2004, esta proporción decreceu ata 69,11%. A traxectoria deste indicador na AMV é contrariamente ao concello, de crecemento, xa que no ano 1991 o IRPA era de 53,61% chegando no ano 2004 ao valor de 62,74 persoas de 60 a 64 anos por cada 100 de entre 20 a 24 anos de idade. O valor correspondente á Pontevedra no 2004 era de 64,22%, e o de Galicia, 75,81%, onde a variación do indicador foi a menos marcada, xa que no ano 1991 o valor correspondente a o IRPA era do 75,74%.




Comparación do Índice de recambio da poboación activa



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Outro dos indicadores sobre a estrutura da poboación é o Índice de envellecemento, que explica a relación entre a poboación menor de 20 anos e a maior de 64. Como se mostra na gráfica, este Índice aumentou en Salvaterra de Miño significativamente entre os anos 1991 e 2001, pasando do 74,36 do ano 1991 ao 140,55 no ano 2001, o que supón o aumento máis elevado dos catro espazos comparados, 66,19 puntos. Na gráfica inclúese os datos correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, como se observa, en tódolos territorios aumentou a proporción de poboación maior con respecto á poboación moza, aínda que o aumento na AMV é o máis baixo, de 41,24, moi similar ao de Pontevedra, de 43,73. No caso de Galicia, a traxectoria é a máis similar a do concello, xa que se observa un aumento tamén moi significativo, de 56,72 puntos, pasando do 62,26 do ano 1991, ao 118,98 no ano 2001.


Índice de envellecemento
1991-2001

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O Índice de sobreenvellecemento é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. A gráfica mostra o lixeiro aumento producido entre os anos 1991 e 2001 neste indicador no concello. O Índice de sobreenvellecemento é o máis alto dos catro comparados, demostrando o feito de que o concello está a experimentar un claro avellentamento da súa poboación, xa que a proporción de poboación de máis de 84 anos aumentou en algo máis de tres puntos con respecto á de máis de 64 anos, sendo o valor do ano 1991 do 9,76, chegando ao 12,93 no ano 2001. Nos outros tres espazos comparados o índice tamén experimentou un aumento, en torno aos 2 puntos nos tres casos. Na AMV pasouse do 7,90 ao 9,95 entre 1991 e 2001. En Pontevedra o



cambio foi do 8,73 ai 10,84 e, en Galicia pasouse do 9,20 ao 11,49, sendo o máis próximo ao de Salvaterra de Miño.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

6.3. Movemento natural da poboación.

A) Nacementos, casamentos e defuncións


O estudo do movemento natural da poboación nun territorio basease na análise dos nacementos, dos casamentos e das defuncións. Na gráfica que se inclúe a continuación, obsérvase a evolución destes tres fenómenos demográficos no concello de Salvaterra de Miño, entre os anos 1997 e o 2002 e en termos absolutos.

No caso dos nacementos, produciuse un aumento en termos absolutos, pasando dos 56 nacementos do ano 1997 aos 64 do 2002. No ano 1999, é cando se produce a maior número de nacementos, rexistrándose un total de 71.

O número de defuncións aumento en termos absolutos neste período, pasando das 95 do ano 1997, debido ao envellecemento da poboación do concello, xa analizado nos anteriores índices referidos á estrutura da poboación no concello.

Os casamentos é o fenómeno que tivo unha traxectoria máis estable dos tres analizados no concello de Salvaterra de Miño nestes anos, así, no ano 1997 rexistráronse 31 e ao final do período o número de casamentos rexistrados foi de 34, polo que aumento en termos absolutos foi de unicamente 3 casamentos.




Evolución no número de nacementos, casamentos e defuncións
1997-2002

Fonte: movemento natural da poboación. IGE e INE

B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade


A análise das taxas correspondentes a este tres fenómenos permiten dimensionar a súa incidencia no concello ademais de realizar comparacións con respecto os valores correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia.

Evolución da Taxa Bruta de Natalidade
1998-2003

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


A Taxa Bruta de Natalidade (TBN), que mide o número de nacementos por cada mil habitantes, foi no ano 1998 en Salvaterra de Miño do 7,52%. Dende ese ano a taxa de natalidade experimentou un decrecemento, chegando ao valor do 5,53%, no ano 2003. Si ben hai que sinalar que dende o ano 2000 a taxa de natalidade experimenta unha estabilización, rexistrando un lixeiro aumento, xa que nese ano o valor correspondente a este indicador era do 5,35%, polo que o aumento entre o ano 2000 e o 2003 foi de 0,25 puntos. Tendo en conta os valores correspondentes aos outros tres espazos incluídos na análise, na gráfica pódese observar como este indicador demográfico ten máis peso na AMV, Pontevedra e Galicia, xa que aínda que no ano 1998 partían de valores semellantes, 8,0%, 7,81% e 6,80%, respectivamente, ao remate do período analizado a diferenza aumentou, sendo positiva para estes espazos, con respecto a Salvaterra de Miño, sendo o valor da AMV do 8,98%, o de Pontevedra do 8,59%, e en Galicia do 7,37%.



Evolución da Taxa Bruta de Nupcialidade
1998-2003

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A evolución nos casamentos no concello de Salvaterra de Miño, medida pola Taxa Bruta de Nupcialidade (TBNup) sofre maiores variacións que a TBN, como se observa na gráfica anterior, producíndose un descenso no seu valor entre os anos 1998 e o 2002. Así no ano 1998 a taxa era de 3,38%, no ano 2001 acadou o valor de 4,69%, decrecendo novamente ata o 3,82% no ano 2002. A taxa de nupcialidade nos outros tres territorios mantivo unha traxectoria máis constante, aínda que o saldo do período tamén é negativo, posuíndo ademais, valores máis altos que no caso de Salvaterra de Miño. Na AMV pasouse dun valor do 5,05% no ano 1998 ao 4,69% no 2002. No caso de Pontevedra, do 4,87%, ao 4,58% e en Galicia, do 4,37% ao 4,21%.

Evolución da Taxa Bruta de Mortalidade
1998-2002

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Na Taxa Bruta de Mortalidade (TBM), que reflexa o número de mortes por cada mil habitantes, obsérvase como en Salvaterra de Miño este fenómeno é o que experimenta máis variacións relación aos outros espazos comparados, neste caso, positivas, resultando un aumento da taxa neste período analizado. A taxa experimentou un incremento de case tres puntos pasando do valor de 9,55% no ano 1998 ao de 13,96% no ano 2002. Na AMV a taxa de mortalidade tamén aumentou aínda que máis moderadamente, correspondéndolle un valor no ano 1998 do 7,60% e un 8,25% no ano 2002. Pontevedra, cunha taxa lixeiramente superior á da AMV, pasou do 8,69% do ano 1998 ao 8,88 no 2002. Galicia é o territorio analizado con taxas de mortalidade máis próxima á do concello aínda




que, cunha traxectoria, como na AMV e Pontevedra, máis constante que no caso de Salvaterra de Miño, sendo a taxa do ano 1998 do 10,31% e que no 2002 foi do 10,36%.

C) Saldo vexetativo

O saldo ou crecemento vexetativo da poboación é a diferenza entre os nacementos e as defuncións producidas nunha poboación nun período determinado, neste caso expresado por mil habitantes. Saldo con valores negativos, tradúcense en maior número de defuncións que nacementos, saldo positivos, polo tanto, responden a un maior número de nacementos en relación ás defuncións.

Como se observa na gráfica a seguir, o saldo vexetativo en Salvaterra de Miño, tivo un crecemento negativo durante o período analizado. Partindo dun valor negativo no ano 1998 de -4,54%, a un valor no último ano analizado do -6,19%.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

O saldo vexetativo do concello é o que posúe valores máis negativos dos catro comparados, sendo unicamente a AMV á que lle corresponden valores positivos, polo que o número de nacementos está a superar ao de defuncións. O saldo vexetativo na AMV, aumentou entre os dous anos de referencia, así no ano 1998 o saldo era de 0,40%, incrementándose lixeiramente no ano 2002 ata ao valor de 0,62%. No caso de Pontevedra, presenta saldos negativos durante o período, que van do -0,88% do 1998 ao -0,49% do ano 2002. Os valores correspondentes a Galicia, máis baixos que os de Pontevedra, experimentan tamén un pequeno aumento neste período de análise, pasando do -3,50% do ano 1998 ao -3,30% do ano 2002. Nestes tres territorios, estase producindo un aumento positivo e suave do saldo vexetativo, xa que as taxas de natalidade están superando ás correspondentes ás da mortalidade, contrariamente ao que acontece no concello, que aínda que con variacións lixeiras, o valor aumentou negativamente entre os dous últimos anos.




6.4. Movementos migratorios.

O estudo das características dunha poboación e o seu comportamento ao longo do tempo, analízase a través do movemento natural do poboación, realizado no apartado anterior, xunto cos movementos migratorios. Na análise tómase a Estatística de Movementos Migratorios que elabora o IGE a partir da Estatística de Variacións Residenciais elaborada polo INE, resultado das altas e baixas rexistradas nos padróns municipais. Segundo o IGE, o concepto de migración é equivalente ao do cambio de concello de residencia.

A) Emigración

Comezando pola análise da emigración, que se refire, nun determinado ámbito xeográfico ás migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fora do mesmo. Dentro do concepto de emigración diferenciaremos ás emigracións internas e as externas. As primeiras son aquelas que teñen orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello da comunidade. As emigracións externas son aquelas que teñen destino fora da comunidade autónoma, diferenciando entre as que son cara o resto de España ou ao estranxeiro.



Fonte: elaboración propia partir de datos do IGE

Analizando o fenómeno da emigración en Salvaterra de Miño, entre os anos 1990 e 2004, representado na gráfica, obsérvase cómo experimentou unha serie de variacións ao longo do período, aínda que a tendencia clara foi de aumento, así no ano 1990 o número absoluto de emigrantes no concello foi de 118 persoas, e no ano 2004 a número chegou ata 146. Cabe sinalar o feito de que no ano 2003 acadouse a cifra máis alta de persoas emigrantes, chegando ata 161, polo que o descenso con respecto ao seguinte ano foi de 15 persoas.

A continuación tense en conta o destino destas emigracións para diferenciar entre as internas, é dicir, as que teñen como destino outro concello galego, dentro ou fora da provincia de Pontevedra, e a emigración externa, a outra comunidade autónoma ou ao estranxeiro, neste caso, compararemos os valores de Salvaterra de Miño cos da AMV, a provincia e Galicia.

Como se observa nas porcentaxes incluídas no cadro a seguir, a maioría da poboación emigrante en Salvaterra de Miño faino internamente, un 70,20% fronte ao 29,80% que o fai con destino fóra de



Galicia. As porcentaxes para os outros tres territorios de referencia son similares, sendo a emigración interna a maioritaria, aínda que as porcentaxes da AMV, Pontevedra e Galicia, son menores aos de Salvaterra de Miño, representando o 67,76%, 68,50 e 71,68%, respectivamente.

A emigración interna cara a provincia representa en Salvaterra de Miño o 94,19%, sendo unicamente do 5,81% a porcentaxe de persoas que emigran cara outra provincia galega. A poboación que decide emigrar a algún concello da mesma provincia é no caso da AMV do 82,30%, en Pontevedra do 80,53% e en Galicia do 81,84%. E a poboación que decide emigrar a outra provincia galega no caso da AMV representa o 17,70%, en Pontevedra o 19,47% e o 18,16% en Galicia.

A emigración externa, que como xa se sinalou representa o 29,80% do total da emigración en Salvaterra de Miño, está moi repartida entre a poboación que emigra cara outra comunidade autónoma, 56,16% e a que o fai cara ao estranxeiro, 43,84%, tamén no ano 2004. Sen embargo, nos outros tres territorios, as porcentaxes de emigración cara outra comunidade autónoma son moito máis altas que no caso do concello. Así, na AMV o 9,24% das persoas que emigran fora de Galicia o fan ademais ao estranxeiro, e un 90,76% o fai a outra comunidade autónoma. As porcentaxes en Pontevedra son 9,81% para a poboación que emigra ao estranxeiro, fronte ao 90,19% que o fai cara outra comunidade autónoma. E por último, en Galicia, a porcentaxe que emigra ao estranxeiro é de 10,76% mentres que cara outra comunidade autónoma o fai o 89,24%.

Emigración segundo tipo e porcentaxes de representación.
Ano 2004

Orixe	Emigración interna			Emigración externa			Total
	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Total	A outra CCAA	AO Estranxeiro	Total	
Salvaterra de Miño	162	10	172	41	32	73	245
	94,19%	5,81%	70,20%	56,16%	43,84%	29,80%	100%
AMV	6621	1424	8045	3456	352	3808	11873
	82,30%	17,70%	67,76%	90,76%	9,24%	32,07%	100%
Pontevedra	13323	3221	16544	6862	746	7608	24152
	80,53%	19,47%	68,50%	90,19%	9,81%	31,50%	100%
Galicia	46903	10409	57312	20208	2437	22645	79957
	81,84%	18,16%	71,68%	89,24%	10,76%	28,32%	100%


Fonte: INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE




B) Inmigración

A continuación analizaremos a inmigración seguindo o mesmo esquema que no caso da emigración. Tomando novamente a definición do IGE, as inmigracións para un ámbito xeográfico determinado son aquelas migracións con destino nese ámbito xeográfico e orixe fora do mesmo.

Comezaremos pola análise da evolución da poboación inmigrante entre o período de 1990 a 2004 no concello. De forma semellante ao acontecido no caso da emigración, a inmigración experimentou variacións ao longo do período sinalado, como se observa na gráfica axunta, aínda que a tendencia experimentada foi dun claro aumento no número de persoas que ao longo dos 15 anos analizados fixaron a súa residencia no concello de Salvaterra de Miño. No ano 1990 o número de persoas que procedentes doutro concello fixaron a súa residencia no concello foi de 57, mestres que no ano 2004 o número total de persoas inmigrantes chegadas a Salvaterra de Miño foi de 251. Ao longo do período producíronse suaves variacións, como se observa na gráfica, e é a partir do ano 2002 cando o crecemento aumenta de forma máis significativa.



En relación a evolución do fenómeno inmigratorio na AMV, é interesante sinalar o feito de que ambos territorios posúron traxectorias moi semellantes, aínda o inicio da etapa de máis aumento no número de inmigrantes, é anterior, en torno ao ano 1997, como se observa na gráfica correspondente ao territorio metropolitano.



A continuación analizarase a inmigración atendendo a súa procedencia, como no caso da emigración, estudárase a inmigración interna, diferenciando a que procede da mesma provincia daquela que ten orixe noutra provincia galega, e a inmigración externa, esta é a que procede doutra comunidade autónoma e do estranxeiro. Os datos son os correspondentes ao 2004.

Número de persoas inmigrantes e taxa de representación.
Ano 2004

Orixe	Inmigración interna			Inmigración externa			Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Total	Doutra CCAA	Do Estranxeiro	Total	
Salvaterra de Miño	183	18	201	80	53	133	334
	91,04%	8,96%	60,18%	60,15%	39,85%	39,82%	100%
AMV	5994	1635	7629	2778	3820	6598	14227
	78,57%	21,43%	53,62%	42,11%	57,89%	43,38%	100%
Pontevedra	13323	3314	16637	5966	7145	13111	29748
	80,08%	19,92%	55,93%	45,50%	54,50%	44,07%	100%
Galicia	46903	10409	57312	18331	19366	37697	95009
	81,84%	18,16%	60,32%	48,63%	51,37%	39,68%	100%

Fonte: INE, Estadísticas de variacións residenciais. IGE

A inmigración interna en Salvaterra de Miño supón o 60,18% do total da inmigración, sendo o 39,82% a poboación que conforma a inmigración externa, provinte doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro. As diferenzas con respecto á AMV e Pontevedra son salientables, xa que nestes dous territorios a proporción entre a inmigración interna e a externa está repartida de forma máis igualitaria, sendo a porcentaxe de inmigración interna na AMV do 53,62%, e de 55,93% en Pontevedra, e de 43,38% e do 44,07%, respectivamente, para a inmigración externa. As porcentaxes de Galicia son moi similares ás de Salvaterra de Miño, sendo o total da inmigración interna do 60,32% e a externa é de 39,68%.

Analizando a inmigración interna, obsérvase como a maioría da poboación inmigrante faino dende a mesma provincia de orixe, no caso de Salvaterra de Miño, en termos absolutos, 183 persoas (91,04%), fronte ás 18 (8,96%) que proveñen doutra provincia galega. Nos outros tres territorios incluídos na análise, as porcentaxes que representan a inmigración interna procedente doutra provincia galega están en torno ao 20%, case o dobre que no caso de Salvaterra de Miño, e, en torno ao 80% a proporción de poboación que inmigra dende algún concello pontevedrés.



En canto á procedencia da inmigración externa, Salvaterra de Miño recibe a maioría da súa poboación inmigrante doutras comunidades autónomas, 60,15%, mentres que o 39,85% provén do estranxeiro. Sen embargo, no caso dos outros tres territorios acontece que a poboación inmigrante ven na súa maioría do estranxeiro, especialmente no caso da AMV, onde a porcentaxe de persoas inmigrantes doutras comunidades autónomas é de 42,11% e de 57,89% do estranxeiro. No caso de Pontevedra a distribución é de 45,50% doutras comunidades autónomas e 44,07% do estranxeiro. En Galicia, a porcentaxe de persoas inmigrantes que chegan doutras comunidades autónomas é de 48,63%, mentres que as que veñen do estranxeiro é de 51,37%.

C) Saldo migratorio

De seguido, analizarase o saldo migratorio (no sucesivo, SM), que segundo o IGE, para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se o saldo migratorio posúe valores positivos indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo. Tomaranse como anos de análise o 1992 e o 2003 e atenderase ao saldo migratorio interno e externo, segundo o esquema seguido anteriormente no estudo da emigración e a inmigración, diferenciando entre o saldo interno na mesma dentro da provincia e o saldo migratorio interno co resto e Galicia. Tamén se considerará o saldo migratorio externo con outras comunidades autónomas e co estranxeiro.

Os valores incluídos no cadro, mostran como en Salvaterra de Miño, entre no ano 1992 como no 2003, produciuse unha variación moi significativa no saldo migratorio, pasando dun valor negativo do -4, no ano 1992, a un valor positivo do 160 correspondente ao ano 2003, o que se traduce no feito de que mentres que no ano 1992 o número de persoas que emigraban do concello aínda superaban en 4 ás que chegaban, no ano 2003, a situación trócase considerablemente, de xeito que xa superan en 160 as persoas que chegan para residir en Salvaterra ás que abandonan o concello. O saldo migratorio interno experimentou unha traxectoria semellante. Pasando dun valor do -30 no ano 1992 a un valor do 91 no ano 2003. O saldo interno intraprovincial é negativo no ano 1992, -32, pasando a acadar o valor positivo de 86 no ano 2003, de xeito que xa as persoas inmigrantes procedentes doutros concellos da provincia, superaron ás que emigraron cara eles. Sen embargo, as persoas que inmigraron dende outra provincia galega, aumentaron con respecto ás que abandonaron o concello nestes dous anos, obténdose saldos internos con Galicia positivos nestes dous anos, de 2 no 1992 e de 5 no ano 2003.

No caso do saldo migratorio externo, pasouse dun valor do 26 no ano 1992 ao 69 no 2003, o que se traduce nunha maior cantidade de persoas que veñen residir ao concello con respecto ás que o deixan. O saldo migratorio externo con España experimentou un descenso absoluto de 1 no período analizado, pasando dun valor do 16 no ano 1992, a un valor do 15 no ano 2003. No caso do saldo migratorio co estranxeiro, no ano 1992 se contaba en Salvaterra de Miño cun valor positivo do 10, de xeito que as persoas que emigraban cara ao estranxeiro eran menos que as que chegaban dende



fora de España, variando positivamente esta situación no ano 2003, xa que o saldo migratorio acadou o valor de 54.


Saldos Migratorios, internos e externos.
Anos 1992 e 2003

Tipo de Saldo Migratorio	Salvaterra de Miño		AMV		Pontevedra		Galicia	
	1992	2003	1992	2003	1992	2003	1992	2003
SM Total	-4	160	3397	9751	30821	68402	-21916	-53092
SM Interno	-30	91	1927	4456	18440	41944	-18209	-41888
SM Interno Intraprovincial	-32	86	1283	3402	15024	34642	-15024	-34642
SM Interno con Galicia	2	5	644	1054	3416	7302	-3185	-7246
SM Externo	26	69	1470	5295	1759	4079	6915	11175
SM Externo con España	16	15	844	1518	-49	-1274	607	-3627
SM Externo co Estranxeiro	10	54	626	3777	1808	5353	6308	14802

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Como se recolle na táboa, o saldo migratorio na AMV e Pontevedra posúe valores positivos nestes dous anos de referencia, igualmente acontece en toda a tipoloxía de saldos migratorios reflectida na mesma. A única excepción corresponde a Pontevedra, que ten saldo migratorio positivo de tipo externo con España nos dous anos, é dicir, que o número de persoas que emigraron da provincia de Pontevedra cara España no ano 1992 foi maior que os que inmigraron en 49 persoas e no ano 2003 en 1274. No caso do conxunto galego a experiencia ten máis paralelismos coa experimentada no concello, xa que nos diferentes saldos migratorios de tipo interno, entre estes dous anos os valores resultan positivos, de xeito que a poboación emigrante seguiu superando a inmigrantes. No caso dos saldos migratorios externos do conxunto galego, a situación é a contraria, xa que nestes dous anos tódolos saldos migratorios recollidos teñen valores positivos, a excepción do saldo migratorio externo con España do ano 2003, que obtén un valor negativo, de - 3627. Sen embargo co estranxeiro o saldo segue a ser positivo. Este feito a nivel de Galicia ven determinado polo aumento da poboación emigrante retornada que está acadando nestes últimos anos un peso significativo na comunidade autónoma, así os saldo externos co estranxeiro nestes dous anos analizados obtiveron valores do 6308 no 1992 e de 14802 no 2003.





Para finalizar co estudo dos movementos migratorios en Salvaterra de Miño, a continuación analizarase a taxa de crecemento migratorio, que se define como a diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes con respecto a poboación total nun período determinado por cada 1.000 habitantes, de xeito que os valores positivos implican que a inmigración é maior que a emigración, polo tanto, valores negativos indican que as saídas de poboación superan ás entradas. Tomando este indicador é posible comparar cal é o comportamento dos movementos migratorios no concello en relación a AMV, Pontevedra e Galicia.

A gráfica representa que no ano 1991 o número de persoas inmigrantes xa superaban ás emigrantes, cunha taxa de 2.02% no concello, sendo superior esta taxa á correspondente aos outros tres territorios que obtiveron valores do 1,39% na AMV, 1,04 en Pontevedra e 1,25 no conxunto galego. No seguinte ano incluído na gráfica, 2001, a taxa decrece no concello, chegando ao 0,60%, mentres que na AMV, Pontevedra e Galicia aumenta, cuns valores do 3,88%, 3,11% e 2,62%, respectivamente. No último ano incluído na gráfica, ano 2003, o concello experimenta un forte crecemento a taxa de crecemento migratorio, acadando o valor do 8,13%. Mentres, na AMV, Pontevedra e Galicia a taxa tamén creceu, aínda que dun xeito moito máis suave, correspondéndolle os seguintes valores respectivamente, 4,29%, 4,46% e 4,06%.

6.5. Nivel de formación da poboación

A seguir, analizarase o nivel de formación da poboación a través das estatísticas extraídas do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, publicado polo INE e explotada polo IGE. Ademais, para o ensino non universitario, tomaranse datos publicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A) Nivel de estudos da poboación

En canto ao nivel de estudos da poboación, tómase a estatística do censo do 2001 que recolle a poboación de 16 e máis anos en vivendas unifamiliares, segundo o sexo e o nivel de estudos, o cadro a seguir, mostra as porcentaxes correspondentes, para o conxunto da poboación de Salvaterra de



Miño e como se reparte a mesma entre homes e mulleres. Os datos incluídos na seguinte táboa, mostran cómo un 6,10% da poboación de Salvaterra de Miño non sabe ler nin escribir, sendo a porcentaxe de mulleres nesa situación significativamente maior á dos homes, 72,71% e 27,29% respectivamente. A porcentaxe de poboación que non acadou os 5 anos de escolarización foi do 24,96% da poboación, neste caso tamén superan ás mulleres aos homes aínda que dun xeito menos significativo, 56,18% de mulleres, e 43,82% os homes. O 24,99% da poboación non completou o Bacharelato elemental, ESO ou EXB, neste caso o reparto é moi igualitario entre homes e mulleres, 50,09% e 49,91% respectivamente. A poboación que só completou este nivel educativo representa un 24,99%, sendo a porcentaxes de homes do 54,30% e o das mulleres do 54,70%. No seguinte nivel de estudos, Bacharelato superior, BUP/LOXSE, COU/PREU, encóntrase unha porcentaxe de poboación do 5,64%. Neste caso, e como acontece xeralmente noutros concellos a medida que se eleva o nivel educativo, as mulleres superan aos homes, correspondéndolle unha porcentaxe do 56,23%, e aos homes 43,77%. No seguinte nivel contemplado, FPI, no que se encontra un 2,90% da poboación, as porcentaxes están moi igualadas, aínda que tamén é maioría a poboación feminina (51,49%). No caso do FP II, cun 3,04% da poboación total, o reparto entre os sexos é moi similar, aínda que é a poboación masculina a que acadou maioritariamente este nivel, cun 51,89%

Nos niveis de estudos superiores, onde se atopan porcentaxes de poboación máis baixas, as mulleres son maioría significativa con respecto aos homes no caso do nivel de Diplomatura, Arquitectura e Enxeñería técnica (2,4% da poboación), 63,47% fronte ao 36,53% da poboación masculina. No caso do nivel de licenciatura, onde se atopa un 2,22% da poboación, a distribución segundo sexo volve ser moi similar, correspondéndolle aos homes a porcentaxe do 48,78% e ás mulleres o 51,229%. E xa por último, en nivel de doutoramento (0,16% da poboación), a distribución é a seguinte, 66,67% homes e un 33,33% mulleres.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo en Salvaterra de Miño.
Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Non saben ler nin escribir	6,10%	27,29%	72,71%
Menos de 5 anos de escolarización	24,96%	43,82%	56,18%
Sen completar bacharelato elemental, ESO ou EXB	24,99%	50,09%	49,91%
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	28,71%	54,30%	45,70%
Bacharelato Superior BUP/LOXSE, COU/PREU	5,64%	43,77%	56,23%
FPI, FP grao Medio, Oficialía industrial	2,90%	48,51%	51,49%
FP II, FP Grao Superior, Mestría Industrial.	3,04%	51,89%	48,11%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE




Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo en Salvaterra de Miño.
Ano 2001

Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	2,40%	36,53%	63,47%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	1,18%	48,78%	51,22%
Doutoramento	0,16%	66,67%	33,33%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

B) Taxa de analfabetismo

O analfabetismo da poboación mídese como a porcentaxe de poboación que sobre o total dun territorio determinado, non sabe ler nin escribir. Nesta ocasión analizarase o analfabetismo no concello, comparándoo coas porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Vigo, e tendo en conta a distribución entre sexos, neste caso sobre o total da poboación. En Salvaterra de Miño a taxa total de analfabetismo no ano 2001 era de 6,10%, representando en termos absolutos a 425 persoas. Como na maioría dos concellos, o analfabetismo ten maior incidencia entre a poboación feminina, repartíndose a taxa total entre sexos do seguinte xeito, un 27,29% para os homes, algo máis de 45 puntos por debaixo da taxa que posúe a poboación feminina, do 72,71%. O número absoluto de homes era de 116, e o das mulleres de 309.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Na anterior gráfica compáranse as taxas de analfabetismo total e as feminina e masculina sobre o total da poboación no concello, AMV, Pontevedra e Galicia. Como se observa, o analfabetismo en Salvaterra de Miño é significativamente maior que nos outros territorios, habendo máis de catro puntos porcentuais de diferenza entre o valor correspondente ao concello e os outros espazos en relación á taxa de analfabetismo total. O 6,10% de Salvaterra, é significativamente superior ao 2,05% da taxa de analfabetismo galega, ao 1,82% de Pontevedra e especialmente á correspondente á AMV, que era do 1,59%.



A maior diferenza atópase ao analizar ás taxas segundo sexo en relación á poboación total. A poboación feminina é a que posúe as taxas máis altas nos catro territorios, aínda que a situación en Salvaterra de Miño é significativamente peor. A porcentaxe de mulleres cun nivel educativo de analfabetismo con respecto ao total da poboación é do 8,48%, no caso da AMV a porcentaxe é do 2,35%, en Pontevedra o 2,65% e en Galicia o 2,98%.

No caso dos homes, o concello tamén ten unha situación de maior incidencia do analfabetismo que os outros territorios, correspondéndolle unha taxa de analfabetismo masculino en relación ao total da poboación do 3,48%. A porcentaxes pertencentes á AMV, Pontevedra e Galicia son similares, 0,75%, 0,89% e 1,03%, respectivamente.

En relación a taxa de analfabetismo da poboación estranxeira, no ano 2001, das 77 persoas que posuían nacionalidade estranxeira (33 homes e 44 mulleres), ningunha delas se atopaba en situación de analfabetismo.

C) Tipo de estudos da poboación

A seguinte táboa ofrece datos sobre a porcentaxe de poboación de 16 anos e máis en vivendas familiares con nivel de estudos clasificables segundo tipo para o total da poboación do concello así como a súa distribución por sexo, no ano 2001. Os datos mostran que hai dúas categorías maioritarias, a de Ciencias sociais, 30,79% da poboación e, Formación técnica e industrias, 26,91%. Na primeira son maioría as mulleres (67,96%) fronte aos homes (32,04%), e na segunda son maioría os homes fronte ás mulleres, sendo tamén maior a diferenza entre ambos sexos, 85,00% e 15,00%, respectivamente. O terceiro tipo de estudo maioritario é o de Saúde e servizos sociais, representando un 10,91% do total da poboación. Neste caso, as mulleres son maioría, 80,82%, fronte aos homes, 19,18%. Como acontece noutros concellos, as mulleres están formadas en estudos que as capacitan para realizar actividades que teñen que ver cos servizos sociais e á comunidade, en maior porcentaxe que os homes, máis especializados en estudos relacionados coa industria e ocupacións técnicas. Por exemplo, no tipo de estudos Maxisterio e educación infantil, cuarto tipo de estudos maioritario entre a poboación salvaterrense, cunha porcentaxe do 8,67% da poboación, as mulleres son o 72,41%, fronte ao 27,59% que representan os homes. Sen embargo, no tipo de estudos agrupados dentro da categoría enxeñerías, onde se atopa un 1,79% da poboación, os homes son o 75,00% e as mulleres o 25,00%.

Sinalar por último, que unicamente o 1,49% da poboación posúe estudos de tipo Agricultura, gandería, pesca e veterinaria, repartíndose segundo sexo entre un 70,00% de homes e un 30,00% de mulleres.



Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo sexo e o tipo de estudos en Salvaterra de Miño
Ano 2001

Tipo de estudos	Total	Homes	Mulleres
Dereito	1,64%	45,45%	54,55%
Maxisterio e educación infantil	8,67%	27,59%	72,41%
Ciencias sociais	30,79%	32,04%	67,96%
Artes e humanidades	5,23%	42,86%	57,14%
Informática	2,54%	41,18%	58,82%
Enxeñerías	1,79%	75,00%	25,00%
Formación técnica e industrias	26,91%	85,00%	15,00%
Ciencias	2,84%	47,37%	52,63%
Arquitectura e construción	1,49%	60,00%	40,00%
Agricultura, gandería, pesca e veterinaria	1,49%	70,00%	30,00%
Saúde, servizos sociais	10,91%	19,18%	80,82%
Outros servizos	5,68%	26,32%	73,68%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


D) Lugar de estudo da poboación

A seguinte gráfica, amosa o lugar de estudo da poboación de Salvaterra de Miño non ocupada de 16 anos e máis, tendo en conta o sexo no ano 2001. Case a metade da poboación, 49,89%, estuda noutro concello da provincia. No mesmo concello o fai unha porcentaxe do 31,85%. Nestes dous casos, obsérvanse diferenzas con respecto aos outros tres territorios, especialmente con respecto á AMV, onde o 65,18% estuda no seu concello de residencia, e un 17,41% noutro concello da provincia. No caso da poboación que estuda noutra provincia, Salvaterra é o espazo, xunto con Pontevedra, onde a porcentaxe de poboación é maior, 14,92% no concello, en Pontevedra o fai un 16,72%, mentres que na AMV desprázase a outra provincia o 11,11%, e Galicia o 13,53%.

En canto á poboación que estuda noutra comunidade autónoma, Salvaterra de Miño posúe a porcentaxe máis baixa dos 4 comparados, correspondéndolle un 2,00%, sendo as porcentaxes correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia moi similares, 2,86%, 2,87% e 2,98%, respectivamente. O mesmo acontece coa poboación que estuda no estranxeiro, neste caso ningunha das porcentaxes acada o 1%, sendo o correspondente a Salvaterra de Miño do 0,89%, 0,81% na AMV, 0,93% en Pontevedra, e de 0,87 en Galicia.



Poboación de 16 e mais anos non ocupada segundo sexo e lugar de estudo.



Elaboración propia a partir de datos do IGE.

E) Educación non universitaria

No curso académico 2003/2004, Salvaterra contaba con 861 alumnos e alumnas matriculadas en centros de ensinanza non universitaria, ademais, todas estas persoas estudaban en centros de titularidade pública. Delas, 154 estudaban educación infantil, 327 en educación primaria, 270 en educación secundaria obrigatoria e 110 en educación postobrigatoria. Non se rexistraron casos de alumnos ou alumnas matriculados en educación de adultos nin especial.

6.6. Vivenda


Os datos referidos a situación da vivenda no concello de Salvaterra de Miño foron obtidos do IGE e proveñen do Censo de Poboación e Vivenda do ano 2001, realizado polo INE. Segundo o IGE, considérase vivenda ao “recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas, ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén no momento censal”. Considérase edificio á “construción permanente, separada e independente, concibida para ser utilizada como vivenda ou para servir a fins agrarios, para a prestación de servizos ou, en xeral, para desenvolver calquera actividade” (administrativa, comercial, industrial, cultural, ...), e a definición de local que como a de vivenda, trátase dun “recinto estruturalmente separado e independente, que non está dedicado exclusivamente a vivenda e no que se levan ou se poden levar a cabo actividades económicas dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, total ou parcialmente”.



A) Tipo de vivenda

O número total de vivendas no ano 2001 en Salvaterra de Miño era de 2.192, representando o 1,13% do total e vivendas da AMV. Delas, 1.785 eran vivendas principais o que representa un 81,43%, o número de vivendas secundarias era de 127, o 5,799% do total. As vivendas baleiras eran 261, representado un 11,91% do total. O número de edificios era nese ano de 1.870, o que supón unha porcentaxe do 85,31%, e o número de locais 46, que representan o 2,10%

Como se observa na gráfica a estrutura da vivenda segundo o seu tipo é moi similar entre os catro territorios comparados, sendo o tipo maioritario o de vivenda principal. A diferenza máis salientable atópase na escaseza de locais existentes no concello, que no caso da AMV, Pontevedra e Galicia, representa unha porcentaxe 5 veces superior ao do concello, compartindo valores similares nestes tres espazos, en torno ao 11%.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

En canto á porcentaxe de vivendas principais que posúen segunda vivenda, en Salvaterra de Miño no ano 2001, representaban o 46,55%, mentres que na AMV a porcentaxe de vivendas principais que dispoñen de segunda vivenda é de 10,94% por riba tamén de Pontevedra, 9,24% e de Galicia, 10,71%.


B) Réxime de tenza da vivenda

No relativo ao réxime de tenza da vivenda no concello, a forma maioritaria é o de “En propiedade por herdanza ou doazón”, no que se encontran 930 vivendas dun total de vivendas de 1.785, representando o 52,10%. No caso da AMV, Pontevedra e Galicia este é un réxime que representa una porcentaxe moito menor, 14,10, na AMV, 20,81% en Pontevedra e un 21,44% no caso de Galicia.



Porcentaxe de vivendas familiares principais segundo réxime de tenza.

Ano 2001



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE.

O segundo grupo maioritario no concello, aínda que representado unha porcentaxe de menos da metade é o réxime de tenza “En propiedade, por compra, totalmente pagada”, no que se atopan un total de 721 vivendas, o que ben representar o 40,39%. Este réxime tamén é o maioritario nos outros espazos comparados, 45,01% en Pontevedra, 44,31% na AMV; e 43,51% en Galicia.

Os outros réximes son minoritarios no concellos, sendo a porcentaxe de vivendas “En propiedade por compra con pagamentos pendentes” do 3,25%, máis de 10 puntos por debaixo dos outros espazos analizados. A porcentaxe de vivendas baixo o réxime de aluguer, representan o 2,13, estando a AMV, Pontevedra e Galicia, con porcentaxes por riba do 10%. E, xa para finalizar, baixo o réxime “Outras formas”, atópanse tamén un 2,13% das vivendas de Salvaterra, habendo en torno aos 8 puntos de diferenza por debaixo, en relación aos outros espazos comparados.

C) Principais problemas da vivenda e do contorno

Seguidamente analízanse os datos que teñen que ver coa calidade da vivenda e do seu contorno, analizados a través dos principais problemas identificados e recollidos no Censo de poboación e vivendas do ano 2001 elaborado polo INE.

No concello o principal problema identificado é o das “Malas comunicacións”, cunha porcentaxe do 29,13% das vivendas analizadas. No caso da AMV a porcentaxe de casos nos que este problema se sinala é do 30,34%, por riba de Pontevedra que foi do 26,34%, e de Galicia, cun 21,34%.


O seguinte problema identificado en Salvaterra de Miño, tamén o é no caso da AMV, Pontevedra e, en segundo lugar en Galicia. Trátase da “Pouca limpeza nas rúas”, sinalado por un 26,25% dos enquisados no concello. Nos outros espazos as porcentaxes son superiores ás recollidas para o concello, condicionado polo peso das zonas urbanas, eso na AMV sinalase nun 48,86%, nun 40,41% en Pontevedra e en Galicia no 30,50%.



O seguinte problema identificado é o de “Poucas zonas verdes”, sinalado por unha porcentaxe do 14,80% das vivendas enquisadas. Neste caso a AMV sitúase por riba, cunha porcentaxe do 46,33%. Pontevedra, cun 37,75%, e Galicia, co 30,75%, sinalan este problema nunha proporción superior ao concello. Sinalar que este é o problema maioritario identificado no conxunto de Galicia.

O resto dos problemas recollidos na enquisa teñen unha incidencia baixa no concello, 6,90% o da existencia de “Ruídos exteriores”, 3,06% o da “Contaminación” e unicamente o 1,18% o da “Delincuencia ou vandalismo na zona”, habendo moita diferenzas con respecto aos outros territorios, onde son sinalados nunha maior porcentaxe de casos. Por exemplo, en relación a este último aspecto recollido, a porcentaxe correspondente á AMV é do 23,93%, do 17,69% en Pontevedra e do 13,67% no conxunto galego. Isto pon de manifesto ás diferenzas entre o concello, cunhas características rurais, fronte aos outros territorios, onde teñen moito peso as zonas urbanas.

Por último, o problema que ten que ver coa “Falta de servizos de aseo na vivenda”, sinálase nunha porcentaxe do 5,13% no concello, mentres que nos outros tres espazos, as porcentaxes non superan o 1,5%.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

D) Residentes e tamaño medio da vivenda

Para finalizar a análise da vivenda no concello, terase en conta o número de residentes así como tamaño medio da mesma. Volvendo aos datos do Censo do ano 2001, en Salvaterra de Miño, a maioría das vivendas contabilizadas son de 2 residentes, 340 vivendas, representando o 19,05% por debaixo da AMV (23,06%), Pontevedra (22,15%) e Galicia (19,74%). As vivendas de 1, 3 e 4 residentes compartes valores similares, en torno ao 18%, situándose novamente por debaixo da AMV, Pontevedra e Galicia, a excepción das vivendas de 1 residente, onde o concello está por riba da AMV e Pontevedra, estando soamente Galicia, cun 19,71%, por riba do cócnello.



Comparación do número de residentes por vivenda.
Ano 2001



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O concello teman supera aos outros tres espazos no caso das vivendas de 5 e 6 residentes, AS vivendas de 5 residentes representan unha porcentaxe do 11,54% no concello, e valores en torno ao 10% no caso dos outros espazos. As vivendas de 6 residentes dobran as existentes nos outros espazos, cunha porcentaxe do 13,28%, mentres que nos outros espazos teñen porcentaxes en torno ao 6,5%.


En canto ao tamaño medio do fogar, Salvaterra de Miño posúe un valor do 3,3 persoas por vivenda, superior, aínda que moi similar aos outros tres espazos, AMV, 3,24, Pontevedra, 3,1 e Galicia, 3,00.

7. MERCADO DE TRABALLO

A continuación ofrecemos os datos do mercado de traballo correspondentes a Salvaterra de Miño. Neste apartado analizaremos o comportamento das principais variables do mesmo, como son o nivel de actividade, ocupación e desemprego, contemplando a súa evolución e desagregación por sexo e sectores económicos.

Estes datos están sacados para o caso da actividade e ocupación, do Padrón municipal de habitantes de 1996 e do censo de poboación e vivenda do ano 2001, mentres que para o desemprego utilizáronse as estatísticas obtidas da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Evolución das taxas de actividade e ocupación
1996-2001



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE




No período que vai entre 1996 e o 2001, o concello de Salvaterra de Miño experimentou un forte crecemento nas súas taxas de actividade e ocupación debido ao descenso que padeceu a poboación maior de 16 anos e ao crecemento experimentado polo número de activos e ocupados do concello. Isto fixo que se recortasen as diferenzas coas taxas da AMV, Pontevedra e Galicia.

Características da poboación maior de 16 anos
Ano 2001

	Poboación maior de 16 anos	Activos /as	Ocupados /as	Inactivos					
				Total	Xubilados /as	Pensionistas	Estudantes	Tarefas do fogar	Outra situación
Homes	3.331	2.095	1.868	1.236	746	144	168	38	140
Mulleres	3.638	1.075	868	2.563	657	398	275	1.116	117
Total	6.969	3.170	2.736	3.799	1.403	542	443	1.154	257

Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE


Na anterior táboa están os datos sobre as características da poboación maior de 16 anos en relación coa a actividade de Salvaterra de Miño. Aquí pódense apreciar as diferenzas que hai entre a poboación masculina e feminina do concello. Así mentres que para as mulleres o número de inactivas e maior que o de activas, para os homes pasa exactamente o contrario. Tamén se observa como a distribución da poboación inactiva nas diferentes categorías é distinta, tendo un peso moi importante para as mulleres os epígrafes de tarefas do fogar e xubilados, mentres que para os homes eran os de xubilados e estudantes. Este feito é significativo dunha menor incorporación da muller ao mercado de traballo.



Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE




O número de persoas desempregadas do concello estivo variando, durante o período de xaneiro 2003 a xaneiro 2005, entre os 566 parados (xaneiro 2003) e os 481 parados (xullo 2004). Ao final do período a cifra total de desemprego a penas presentaba variación con respecto a do inicio, é dicir, soamente había un parado menos no computo global.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

7.1. Actividade

A taxa de actividade do concello de Salvaterra de Miño situouse no 2001 no 45,49%, o que supuxo un avance con respecto ao valor do 1996 de 7,24 puntos porcentuais. Isto fixo que se reduciran as diferenzas con respecto aos valores da área metropolitana de Vigo, da provincia de Pontevedra e de Galicia que para o ano 2001 presentaban uns valores do 54,38%, do 52,69% e do 50,68%, respectivamente.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE



Unha das causas desta alza na taxa de actividade hai que buscala na subida experimentada polo nivel de actividade feminino, posto que o seu valor creceu practicamente 10 puntos no período 1996-2001, mentres que a taxa masculina o facía nun 3,59%. Con todo e isto, a taxa de actividade feminina segue a estar moi por baixo da masculina, representando o 46,99% da taxa de actividade masculina. Ademais, tal e como se observa na anterior gráfica, se comparamos este valor cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia, vese como, mentres que a taxa de actividade masculina presenta unhas cifras moi similares as destes territorios, a feminina atópase por debaixo delas, con diferenzas que están en torno aos 14 e os 10 puntos porcentuais.

Outras causas do aumento da taxa de actividade hai que buscalas en:

- Na perda da poboación no concello de Salvaterra. Entre o ano 1996 e 2001 os efectivos demográficos reducíronse en 458 persoas, o que supuxo unha caída dun 5,22% do número de persoas residentes. Esta baixada da poboación afectou sobre todo ao de persoas menores de 16 anos, pero tamén fixo que os maiores de 16 reduciran o seu número.
- No ascenso experimentado polo número de persoas activas e á redución das inactivas. Este feito afectou sobre todo ao sector feminino da poboación, posto que dentro das persoas inactivas o colectivo que experimentou un maior descenso foi o das amas de casa.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

No que se refire a distribución da actividade entre sexos, tal e como se pode apreciar na anterior gráfica, existe unha grande desigualdade no mercado de traballo de Salvaterra de Miño, posto que a taxa feminina supón o 46,99% da taxa masculina. Así, no ano 2001 a taxa masculina estaba situada no 62,89%, mentres que a feminina tan só era do 29,55%, sendo polo tanto o diferencial de 33,34 puntos porcentuais.




A xeito de conclusións sobre a actividade no mercado de traballo de Salvaterra de Miño podemos sinalar o que segue:

- A subida da taxa de actividade global fixo que se reducen as diferenzas coa AMV, Pontevedra e Galicia.
- Esta subida tivo especial incidencia na poboación feminina, pero, malia isto, as diferenzas entre sexos seguen a ser grandes.

7.2. Ocupación


A taxa de ocupación no concello de Salvaterra, ao igual que a de actividade, experimentou unha subida no período 1996-2001. Así, mentres que en 1996 estaba situada na cifra do 29,49%, no 2001 pasou ao 39,26%, o que supuxo unha alza de 9,77 puntos porcentuais.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Isto fixo que as diferenzas con respecto á AMV, Pontevedra e Galicia se reduciran un pouco, posto que o incremento das taxas de ocupación nestes territorios foi menor durante o período 1996-2001. Así, hoxe en día as taxas de actividade destes territorios están nos 46,66%, 45,65% e 44,33%, respectivamente.





Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A nivel de sexos a situación varía, posto que mentres que para os homes o nivel de ocupación está por riba do de Galicia e preto do da AMV e Pontevedra. Para as mulleres as diferenzas son moi grandes, estando por riba dos 10 puntos porcentuais.



Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE


Por outra banda, ao analizar a ocupación por sectores de actividade económica pódese observar como o sector que ten un maior peso no emprego é o dos servizos, posto que no ano 2001 supuña o 42,73%. Este valor está por baixo dos que presentaban a Área Metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia, que eran do 60,53%, 56,48% e 57,92%, respectivamente.

O segundo sector que emprega un maior número de persoas no concello é o da industria, que supón o 30,50% da poboación ocupada, estando máis de 10 puntos por riba da porcentaxe que representa o sector da construción de Salvaterra de Miño (19,55%). A nivel de área metropolitana, Pontevedra e Galicia o segundo posto tamén o ocupa o sector industrial, pero cuns valores inferiores (25,35%,



22,03% e 18,70%, respectivamente). Mentres que a construción non supera en ningún caso o 13% dos ocupados.

Por último, as actividades agrogandeiras teñen un peso bastante reducido en Salvaterra de Miño, posto que só representa o 4,45% dos ocupados, porcentaxe que está moi parella á porcentaxe provincial (4,16%), pero por baixo da autonómica (7,66%). Na área metropolitana de Vigo a agricultura e gandería, posúe un peso menor dos ocupados, posto que este tan só supuña ao 1,05% dos mesmos.




Fonte: Padrón 1996 e Censo 2001. IGE

Esta situación é o froito dun proceso de varios anos nos que o concello estivo a mudar a súa estrutura produtiva, pasando dunha economía agraria ao que se pode considerar como un mercado do traballo terciarizado, onde as actividades relacionadas cos servizos teñen un peso moi importante no emprego. Así, durante o período 1996-2001 pódense observar dous profundos cambios na ocupación por sectores económicos do concello de Salvaterra de Miño:

- En primeiro lugar, hai unha perda de peso no emprego do sector da construción, que caen en 4,42 puntos porcentuais.
- En segundo lugar, o emprego agrario tamén resulta prexudicado pola perda de emprego baixando 2,57 puntos porcentuais.
- En terceiro lugar, os sectores servizos e o industrial son os que máis se beneficiaron da perda de peso dos dous anteriores, posto que as actividades de servizos incrementaron en 4,36 puntos a súa porcentaxe de participación no mercado de traballo, e a industria en 3 puntos.




Poboación ocupada por sectores económicos e sexos.
Ano 2001



Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001. IGE

No que se refire a distribución da poboación ocupada por sectores económicos e sexo, na anterior gráfica pódese ver como as diferenzas son bastante profundas entre homes e mulleres. Así, mentres que as mulleres case exclusivamente se ven relegadas as actividades de servizos (62,32%), a dos homes está máis repartida entre industria (34,50%), servizos (31,99%) e construción (30,47%).

Poboación ocupada por situación profesional
Ano 2001



Fonte: Censo de poboación e Vivenda. IGE

Por outra banda, analizando a poboación ocupada por situación profesional, obsérvase que a maior parte teñen a condición de asalariados, posto que no ano 2001 o 82,05% dos mesmos realizaban un traballo por conta allea. Se comparamos esta cifra coas que presentan a área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia, observamos como o seu valor se atopa por baixo dos dous primeiros, que foron do 84,57%, 80,20%, pero por riba da de Galicia que foi do 76,80%, o que nos fala da importancia do traballo asalariado no concello de Salvaterra de Miño.


Dentro do colectivo de asalariados, son os fixos os que teñen un maior peso acadando unha cifra do 50,41% dos ocupados totais, mentres que os eventuais só supúñan o 31,63% dos ocupados. A pesar disto a temporalidade no emprego é maior no concello de Salvaterra de Miño que nos territorios da



AMV, Pontevedra e Galicia, posto que no concello era do 39,60%, mentres que na AMV era do 34,31%, en Pontevedra do 38,09 e en Galicia era do 36,59%.

Por outra banda, o empresariado representa o 17,20% dos ocupados do concello, cifra que está por riba da mostrada pola AMV (14,90%), pero por baixo da de Pontevedra (18,82%) e Galicia (22,18%). Este empresariado adoita facer un traballo autónomo sen contratar persoal algún, posto que o 58,32% dos mesmos está dentro da categoría empresario que non emprega persoal, o que é indicativo dun tecido empresarial composto na súa maioría por microempresas. O resto, 41,68%, atópase dentro do colectivo de empresarios que teñen persoal asalariado.

Analizando a ocupación por situación profesional e sexo, pódese ver como o colectivo de ocupados homes é sempre maior en número o das mulleres, agás para os catalogados como *outras situacións* e os *membros de cooperativas*, aínda que se nos fixamos na porcentaxe que representa cada unha das profesións dentro do colectivo, obsérvase como a proporción de *mulleres empresarias* é maior que a dos homes (16,26% fronte a 18,99%), así como a de *asalariadas de carácter eventual* (28,16% fronte a 38,29%). Tamén se pode ver que as mulleres de Salvaterra de Miño están sometidas a unha temporalidade moito maior que a dos homes, posto que no ano 2001 a taxa de temporalidade feminina era do 48,29% mentres que a masculina era do 28,16%.



No que se refire á poboación ocupada por profesión, en Salvaterra de Miño podemos ver como, en liñas xerais, os ocupados tenden a estar en grupos profesionais de media-baixa cualificación. Así o primeiro lugar ocúpalo os *traballadores/as de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores* cun 20,34% dos ocupados. En segundo lugar atópanse os *operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores*, cun 19,38%. Mentres que os *artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, da construción e da minería*, ocupaban o terceiro lugar representando o 19,22%. O resto das profesións, móvense nuns valores bastante discretos, sobre todo cando se trata de postos de dirección e técnicos, onde non se acada o a cifra do 10%.



Se estudamos poboación ocupada por profesión e sexo, pódense apreciar grandes diferenzas. Así, no caso dos homes as profesións están máis relacionadas coa industria, a construción e os servizos, por esa orde de importancia, mentres que a das mulleres estano cos servizos e a industria. Para os homes, no ano 2001, as tres profesións máis representativas eran as de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras* (24,45%), os *operadores de instalacións e maquinaria* (21,84%) e os *traballadores de servizos de restauración* (15,48%). Mentres que para as mulleres as tres profesións que máis ocupación tiveron no ano 2001 foron as *traballadoras de servizos de restauración* (29,57%), as *operadoras de instalacións e maquinaria* (14,71%). Ademais, as mulleres teñen máis dificultades para chegar aos postos directivos, o chamado “teito de cristal”, posto que mentres que 106 homes desempeñan traballos de *dirección das empresas e das administracións públicas*, tan só 52 mulleres de Salvaterra de Miño chegaban a este tipo de postos. Pola contra nos postos de técnicos/as e profesionais de apoio hai máis mulleres que homes (66 mulleres fronte a 44 homes).

Desta análise da ocupación despréndense varias conclusións, como son:

- O crecemento da taxa de ocupación global fixo reducir as diferenzas coa AMV, Pontevedra e Galicia.
- As diferenzas entre sexos reducíronse no período 1996-2001, pero aínda continúan a ser moi altas.
- O mercado do traballo do concello ten un claro sesgo cara ao sector terciario, pero o sector industrial tamén ten un peso importante debido á proximidade de importantes áreas industriais, como son O Porriño e Vigo.
- No período 1996-2001 o sector servizos e a industria estiveron gañando peso no emprego en detrimento dos sectores da construción e o agrogandeiro.
- Os traballadores asalariados de Salvaterra de Miño soportan unhas taxas de temporalidade no emprego maiores que as do contorno, afectando, en maior medida, ás mulleres do concello.
- A cualificación da man de obra de Salvaterra é media-baixa, estando centrada, sobre todo, en profesións relacionadas coa industria e os servizos.

7.3. Desemprego

Os valores do paro rexistrado obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc.




Estas estatísticas difiren das aportadas pola EPA debido a que mentres que estas resultan dunha estimación estatística, os primeiros son resultado dun rexistro no que por diversos motivos non todos os colectivos se inscriben (por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo), ou determinadas persoas desempregadas non son computados como parados (os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos, demandantes dun emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego). Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego ou que xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar ao mundo laboral.

Tendo en conta isto, decantámonos por coller os datos do desemprego proporcionado polas oficinas de emprego da Xunta de Galicia debido á súa mellor accesibilidade é ao feito de que os datos da EPA ao seren o resultado dunha enquisa, non se poden obter a escala local. Así e todo, os datos cos que traballamos supoñen un bo indicador da composición e da evolución do desemprego no concello de Salvaterra de Miño.

Para proceder ao análise do desemprego no concello imos estudar os datos dende varios puntos de vista:

- Dende un punto de vista temporal, no que se analizará a súa evolución ao longo dos anos 2003 e 2004, así como a súa porcentaxe de variación con respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Dende un punto de vista espacial, no que se compara a evolución da cifra de desemprego de Salvaterra de Miño coas da área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia.
- Dende a perspectiva dos sexos e da idade dos demandantes.
- Dende un punto de vista sectorial, no que se estuda o sector de actividade de onde proveñen as persoas desempregadas.




Evolución do paro rexistrado
xaneiro 2003-xaneiro 2005

Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

No concello de Salvaterra de Miño o desemprego experimentou numerosos altos e baixos durante os dous últimos anos, alcanzando o seu máximo absoluto en xaneiro 2003, con 566 persoas desempregadas, e o seu valor mínimo en xullo de 2004, con 481 persoas desempregadas. Durante este período, o desemprego mantívose nuns valores bastante estables, tendo en conta os ciclos de actividade económica. Así, en xaneiro do 2005, o paro acadou a cifra de 565 persoas paradas, o que significou unha baixada de 1 persoa con respecto a xaneiro de 2003.

Na gráfica anterior podemos observar como a evolución do desemprego presenta unha marcada estacionalidade que fai que descenda o volume de anotados nas oficinas do INEM durante o período que vai de maio a setembro, tendo os seus mínimos nos meses de xullo a setembro, para volver a remontar nos meses do outono e inverno (de outubro a marzo) e acadando os seus máximos nos meses de xaneiro a marzo.


Comparación do número de parados rexistrados
xaneiro 2003-décembro 2004

Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC



Comparando os valores do desemprego nos anos 2003 e 2004, pódese comprobar como no 2004 as cifras de paro foron, en xeral, moi similares ás do ano anterior, salvo para os meses do verán, nos que as cifras de 2004 están claramente por baixa das do 2003.


Comparación da evolución do paro rexistrado
(base xaneiro 2003)
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensula do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior represéntase a comparativa das evolución do desemprego coa área metropolitana, a provincia de Pontevedra e a comunidade autónoma de Galicia. Para iso tomouse como dato de referencia a cifra de desemprego de cada un dos territorios correspondente a xaneiro de 2003, co que se obtén a variación en termos relativos das cifras de desemprego nos catro territorios. Así, pódese observar como a evolución das cifras do paro foi moi similar nos catro territorios, aínda que o crecemento final foi menor para Salvaterra de Miño. Ademais, nos meses de xuño, xullo e agosto do 2003 o descenso experimentado polas cifras de desemprego do concello foi menor que o dos outros territorios e o crecemento nos meses de inverno tamén foi menor.

Evolución do desemprego por sexos
xaneiro 2003-xaneiro 2005




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC



Ao estudar a distribución e evolución do desemprego do concello de Salvaterra de Miño por sexos, pódese observar como en todo o período as cifras de paro femininas estiveron sempre por riba das masculinas. As diferenzas en número entre un e outro sexo mantivéronse durante o período entre as 138 (xaneiro 2003) e as 205 (outubro 2004) persoas paradas. A poboación parada masculina foi a que presentou unha maior variabilidade durante o período e polo tanto as diferenzas entre sexos dependen máis dos seus valores que da cifra de paro feminino, así en termos relativos a cifra de paro masculino moveuse entre o 60,80% (xaneiro 2003) e o 45,27% (agosto 2004) da poboación para da feminina. Ao comparar a variación global do período, apreciase que, a cifra de paro feminina, foi a que maior incremento tivo no período, tanto en valores absolutos (20) como en relativos (5,68%), polo que ao final do período as diferenzas entre sexos eran maiores.


Evolución do paro por tramos de idade
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

No que atinxe á idade dos demandantes de emprego, temos que o colectivo de persoas maiores de 25 anos é o que presenta un maior número de persoas desempregadas, cousa bastante normal se temos en conta a dimensión do colectivo. Así no ano 2003 o grupo de persoas de entre 25 e 64 anos representaba o 53,53% da poboación total, mentres que a mocidade de entre 15 e 24 anos so supuña o 13,95%. Polo tanto se tivésemos en conta as taxas de paro por grupo de idades teríamos que estas son máis altas para os mozos e mozas de Salvaterra que para o resto de idades, posto que o peso relativo do paro neste colectivo é maior.



Evolución do paro por sectores económicos
xaneiro 2003-xaneiro 2005

Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Analizando a evolución do desemprego por sectores de actividade económica podemos ver como os parados que proveñen do sector servizos son os que teñen un maior peso dentro do global e ademais foron os que máis medraron no período. Na súa evolución pódese apreciar unha marcada estacionalidade, que tal e como se apreciou en gráficas anteriores está producida polos ciclos de actividade dos servizos. As persoas desempregadas que proviñan deste sector chegaron a representar o 38,94% en xaneiro do 2005.

O seguinte grupo de parados en importancia é dos que proveñen da industria. Este colectivo chegou a representar en abril do 2003 o 27,14% das persoas desempregadas de Salvaterra. A este séguelles o colectivo de persoas *sen emprego anterior* que chegaron a acadar unha porcentaxe do 20,3% en xullo do 2004. Os parados que proveñen da construción que acadaron a porcentaxe máxima do 14,10% en febreiro do 2004, constitúen o cuarto grupo en importancia.

Por último, a agricultura presenta os valores máis baixos no que non se pasa da porcentaxe do 10%. Este feito débese a que xeralmente o traballo neste sector faise a través de explotacións de tipo familiar onde non se soe empregar traballadores por conta allea o que fai que o volume de persoas desempregadas sexa baixo e estable no tempo.

A modo de conclusións poderíamos resaltar dúas características da poboación desempregada do concello que axudan a comprender a súa composición e evolución:

- Durante o período analizado a cifra de paro rexistrado mantívose en torno ao valor dos 560 persoas desempregadas.
- A alta variabilidade das cifras de paro rexistrado son debidas á alta temporalidade no emprego e ao importante peso no emprego do sector servizos.



- O grande peso que ten o sector servizos dentro do emprego e a temporalidade dos seus contratos fai que a evolución das cifras de paro estean marcadas por unha elevada estacionalidade.
- O problema do desemprego ten unha especial incidencia nas mulleres e na poboación madura, pero a poboación moza é a que soporta as taxas de paro máis altas.

7.4. Promoción do Emprego

Nas últimas décadas, e motivado pola difícil situación do mercado do traballo, véñense desenvolvendo un conxunto de medidas para fomentar o emprego, dando prioridade ás medidas activas e preventivas sobre as pasivas e correctivas. Estas políticas activas concíbense como instrumentos para desenvolver a inserción laboral das persoas desempregadas, a través de incrementar o nivel formativo da poboación activa, favorecer a adaptación da oferta de profesionais ás demandas de emprego existentes, fomentar a información e o asesoramento para a consecución de emprego e promover e incentivar a iniciativa empresarial e a contratación.

A nivel local, as directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia de *“implantar un dispositivo que axude a promover iniciativas e articular mecanismos para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego non explotados susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego”*.

A) Actividades desenvolvidas en relación ás políticas activas de emprego

No concello de Salvaterra de Miño a figura encargada de levar a cabo as políticas activas de emprego é a *técnica de emprego*, que ten atribuídas unha serie de funcións establecidas na orde pola que se regula a súa contratación e funcionamento e, nese marco, ofrecen aos emprendedores un conxunto de servizos que se concentran ao redor das seguintes labores principais:

- Prospección dos recursos ociosos e infrautilizados no territorio, identificando novas actividades económicas susceptibles de xerar proxectos empresariais de promoción económica, así como iniciativas innovadoras que creen emprego.
- Elaboración e posta en práctica de plans de actuación que contribúan á dinamización socioeconómica no seu ámbito de influencia a prol da iniciativa emprendedora e da creación de emprego.
- Difusión e estímulo dos potenciais proxectos de creación de novas unidades produtivas entre persoas desempregadas, promotores e emprendedores, así como entre as posibles institucións colaboradoras.



- Acompañamento técnico dos proxectos emprendedores que xurdan no territorio na fase do seu lanzamento, así como dos promotores, durante as primeiras etapas de funcionamento das novas empresas, para facilitala súa consolidación como negocios sostibles que xeren postos de traballo.
- Asesoramento ás persoas desempregadas, en estreita coordinación con outras unidades do Servicio Público de Emprego de Galicia, así como con outros organismos da Administración Autonómica, para propiciar un maior coñecemento dos servizos e instrumentos existentes en favor da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional.

As actividades previstas para o ano 2006 por parte da Técnica Local de Emprego do concello son:

- Accións de Información sobre axudas e cursos a diferentes colectivos do concello (empresas e entidades privadas, particulares e asociacións de diversa índole)
- Asesoramento e tramitación de axudas de fomento do emprego:
- Xestión de axudas e subvencións para o Concello
- Colaboración con entidades privadas (AAVV, Assoc. Culturais...) a través da información e tramitación de axudas, así como da organización de actividades e cursos de formación
- Xestión de contratacións de persoal para o Concello
- Colaboracións con outras administracións e institucións:
 - o Técnicos de emprego da Comarca do Condado
 - o Autoridade Portuaria: información da PLISAN
 - o Proxecto de Detección de Oportunidades de Negocio de BIC Galicia-IGAPE e Consellería de Traballo
 - o Fundación Comarcal: programa LEADER+
 - o Asociación de Empresarios de Salvaterra: formación e selección de persoal
 - o Oficina de emprego do Servicio Galego de Colocación de Ponteareas
 - o SAE da Mancomunidade de Vigo
- Difusión dos proxectos europeos relacionados co fomento do emprego:



- Proxecto CIDADE + da Deputación: organización de cursos para emigrantes retornados “Módulo de tecnoloxías da información e comunicación” en colaboración co tle de Salceda
- Proxecto EMBARCATE de Cáritas: facilitar emprego no sector pesqueiro a través da formación para colectivos de difícil inserción
- Proxecto CONVICE+ da Fundación Galicia Emigración: formación teórica e práctica que facilite a creación de empresas de economía social a inmigrantes e emigrantes retornados residentes en Pontevedra e A Coruña.

B) Axudas e subvencións para a creación de emprego

En canto a axudas e subvencións en materia de emprego, o concello de Salvaterra non ten ningunha liña propia, pero a técnica de emprego asesora e xestiona as que ten a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, da Consellería de Traballo. Estas axudas están dentro das políticas activas encamiñadas a crear máis e mellores postos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego planifica, coordina e xestiona diversos programas nos seguintes ámbitos:

- Incentivos á contratación por conta allea.
- Apoio a emprendedores: autónomos, economía social e iniciativas de emprego.
- Programas de cooperación.
- Escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Programa Labora: Xuventude con experiencia.
- Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

Ademais no concello de Salvaterra de Miño desenvolveuse, durante decembro de 2001 e decembro de 2002, un Obradoiro de Emprego chamado “Camiño de Santiago-Salaterra de Miño”. O promotor deste proxecto foi a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Por el pasaron 45 alumnos que se formaron nas especialidades de cantería e xardinaría mediante a realización da rehabilitación dun tramo da muralla da fortaleza de Salvaterra do Miño e do acondicionamento de áreas de paso e descanso ao lado da muralla.



C) Accións de desenvolvemento rural

O Concello de Salvaterra, xunto cos de Arbo, As Neves, A Cañiza, O Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas e Salceda de Caselas, está integrado dentro da Asociación de Desenvolvemento Rural e Integrado das Comarcas de O Condado e A Paradanta (ADRICONPA) que xestiona o LEADER + Condado-Paradanta.

Os obxectivos perseguidos por esta asociación de desenvolvemento son os de:

- Mantemento da poboación no medio rural, mellorando as súas condicións de vida e aproveitando de xeito equilibrado e sostido os recursos dispoñibles.
- A protección e valorización do patrimonio natural e cultural. Dinamización e mellora do tecido socioeconómico do medio rural.
- Impulsar a creación de emprego estable, apoiando o xurdimento de iniciativas empresariais innovadoras, economicamente viables e acordes co medio ambiente.
- Ofrecer maiores posibilidades de futuro á poboación xuvenil e feminina do ámbito de actuación.

Para o que se estableceron unhas accións aglutinadas en torno a un eixo común como é a valorización dos recursos naturais e culturais dispoñibles no territorio, co fin de acadar os obxectivos marcados anteriormente.

EIXO 1 ESTRATEXIAS TERRITORIAIS DE DESENVOLVEMENTO RURAL, INTEGRADAS, DE CARÁCTER PILOTO

- Turismo ecolóxico, agrario e de natureza: dentro desta iniciativa enmarcaranse actividades de turismo alternativo, aloxamentos de alta calidade, sinalizacións, creación de empresas turísticas e outras actividades complementarias.
- Promoción do patrimonio natural e cultural, na que se incluírán actividades de promoción e cohesión.
- Protección, recuperación e xestión de recursos naturais, onde se terán en conta aquelas accións encamiñadas á recuperación de espazos degradados, xestión ecolóxica e utilización de enerxías alternativas.
- Recuperación e difusión do Patrimonio Artístico-Cultural: este apartado abarcará, catalogacións, inventarios, rehabilitacións, infraestrutura de apoio a actividades culturais e de difusión ambiental, así como a recuperación e valorización das tradicións.



- Formación e axuda ao emprego, principalmente vinculado ao medio ambiente e ao patrimonio local.

EIXO 2: COOPERACIÓN ENTRE TERRITORIOS RURAIS

- Proxecto de cooperación interterritorial e transnacional “O RIO MIÑO: fonte de riqueza e desenvolvemento”
- Rede Europea de espazos cinexéticos protexidos
- Proxecto de cooperación interterritorial e transnacional “ALDEAS DE TRADICIÓN”
- Proxecto de cooperación interterritorial e transnacional “TERMALISMO NO MEDIO RURAL”
- Proxecto de cooperación interterritorial “VALORIZACIÓN DO MEDIO NATURAL”.

EIXO 3: INTEGRACIÓN NA REDE ADRICONPA

Integración e participación de forma activa, na Célula de Promoción e Animación de Desenvolvemento Rural, pondo á súa disposición toda a información necesaria sobre as accións xa realizadas ou en curso de realización, así como dos resultados obtidos.

8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS

Neste apartado imos estudar a economía e os sectores de actividade económica do concello de Salvaterra de Miño dende a perspectiva da renda dos seus habitantes e do número e tamaño das empresas que realizan a súa actividade no concello. Para iso empregouse a información estatística sacada do servidos estatístico do IGE, referida a número de empresas e tamaño das mesma (central de balances), así como ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os apartados nos que se estrutura esta sección son os seguintes:

- Nivel de renda, onde se analiza os principais indicadores de renda do concello, comparándoos cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Estes indicadores están sacados do imposto da renda das persoas físicas, do que se obtén o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramo de base imponible do imposto, o rendemento medio declarado e a procedencia das rendas declaradas.
- Sectores produtivos e actividades económica, no que se fai unha análise, sector por sector, das actividades empresariais máis características do concello.
- Análise dun sector característico do concello.



8.1. Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento


Para o nivel de renda do concello de Salvaterra de Miño empregáronse as estatísticas do imposto da renda das persoas físicas subministradas polo IGE. Estas estatísticas correspóndense os exercicios fiscais que van do ano 1999 ao 2003 e nelas podemos observar o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramos renda, o rendemento medio declarado no concello e a procedencia das rendas obtidas (traballo, actividades empresariais, actividades profesionais e outros). Os datos obtidos son un indicador dunha porción da renda do concello (a que se declara no imposto da renda) e polo tanto permítenos ter unha referencia sobre o nivel de riqueza, ademais de poder facer comparacións coa AMV, Pontevedra e Galicia, pero hai que ter en conta que dentro do imposto da renda hai importantes conceptos de renda que non están dentro do feito imponible e que polo tanto non están recollidos dentro da definición de base imponible, como son as pensións de invalidez, viuvez ou orfandade, entre outras.

En canto aos outros parámetros de desenvolvemento, aquí imos empregar os índices calculados polo servizo de estudos económicos de La Caixa, como son o nivel económico e os índices de actividade, entre os que están o índice turístico, o índice de restauración e bares, o índice industrial, o índice comercial e o índice de actividade económica.

A) Nivel de renda

O Concello de Salvaterra de Miño contaba con 2329 declarantes no ano 2003 o que supuña o 1,32% das persoas declarantes da área metropolitana. Esta cifra estivo a medrar nos últimos ano, pasando dos 1844 do ano 1999, aos 2329, anteriormente comentados, do ano 2001, o que supuxo un crecemento de 485 persoas, é dicir, un 26,30%.

Porcentaxe de número de declarantes por tramos de base imponible
Ano 2003




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Se analizamos a distribución por tramo de renda das persoas declarantes de Salvaterra de Miño, podemos observa como a maior parte dos mesmos está nos tramos máis baixos de renda, o que é indicativo dun nivel de riqueza baixo. É dicir, o 65,74% das persoas que fixeron a súa declaración do



ano 2003 teñen unha base imponible inferior aos 12.000 €, feito que non pasa no territorio da AMV, nin en Pontevedra o Galicia, onde a porcentaxe de declarantes que están por debaixo desta renda non chega ao 60%. Deste xeito o rendimento medio declarado no concello de Salvaterra de Miño está moi por debaixo da media da área metropolitana e de Galicia, situándose en 11.052,21 €, o que supón o 69,95% da AMV, o 76,85% de Pontevedra e o 79,50% da galega.

Porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa procedencia
Ano 2003



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Por outra banda, se nos fixamos na procedencia das rendas salvaterrenses, tal e como se aprecia na gráfica anterior, podemos observar como máis do 80% das mesmas proceden do traballo, valor este que está moi parecido ao da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Por detrás del, pero xa a moita distancia, están os cualificados como outros, nos que se recollen os producidos pola cesión ou arrendamento de bens ou capitais, entre outros, e que supoñen o 7,48%. Por último as rendas que proveñen de actividades empresariais e profesionais teñen un nivel moi parecido que se sitúa no 5,87% e no 5,54%, respectivamente.

B) Outros parámetros de desenvolvemento

Os parámetros de desenvolvemento do concello de Salvaterra de Miño foron os seguintes:

Outros parámetros de desenvolvemento
Ano 2003

Concello	Salvaterra de Miño	Pontevedra	Galicia
Nivel económico	3	4	4
Índice industrial	14	1792	6159
Índice comercial	11	2085	6088
Índice comercial polo xunto	9	2294	6347
Índice comercial polo miúdo	11	1962	5936
Índice de restauración e bares	9	2056	6499

Fonte. Anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa



Outros parámetros de desenvolvemento
Ano 2003

Índice turístico 2003	0	1137	3095
Índice turístico 1998	0	1158	2959
Índice actividade económica 2003	9	1763	5484
Índice actividade económica 1998	8	1765	5679

Fonte. Anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa

Nivel económico

No anuario económico do 2005, o servizo de estudos económicos calcula o nivel económico por concello tendo en conta o nivel de renda do mesmo e outros parámetros de desenvolvemento (liñas telefónicas, liñas RDSI e ADSL por habitante, proporción de poboación con estudos superiores sobre, proporción de poboación en postos de traballo cualificados, taxa do total de demandas de emprego sobre a poboación de 15 e máis anos, distancia media de cada concello á súa cabeceira da área comercial ou prezo medio do metro cadrado da vivenda). Estes datos correspóndense co ano 2003.

Este índice ten 10 niveis diferentes:

Niveis	Renda familiar dispoñible por habitante, en euros
1	Ata 7.200
2	7.200 - 8.300
3	8.300 - 9.300
4	9.300 - 10.200
5	10.200 - 11.300
6	11.300 - 12.100
7	12.100 - 12.700
8	12.700 - 13.500
9	13.500 - 14.500
10	Máis de 14.500

O concello de Salvaterra ten un nivel económico de 3, o que o sitúa no estrato de 8.300 a 9.300 euros, por debaixo do da provincia e da comunidade autónoma, que están no nivel 4.

Índice turístico

Índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido a 2003. Obtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE), que se basea á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual (todo ou parte do ano); polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística.



O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades (total euros recadación imposto = 100.000).

Para o concello de Salvaterra de Miño este índice acadou un valor de 0, o que indicativo do escaso peso que ten o turismo no concello, que por outro lado non conta apenas con infraestrutura no sector.

Índice de restauración e bares

A importancia das actividades de restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares, etc.) mídese tamén de xeito comparado (entre comunidades autónomas, provincias e concellos), a través de números índices. O índice de restauración e bares calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE para o ano 2003. A base do mesmo é o total nacional equivalente a 100.000 unidades, de xeito que se reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) do concello dentro do global nacional.

Este índice acadou un valor de 9 no ano 2003, o que é indicativo da baixa actividade do sector. Ademais se comparamos este valor está cos de Pontevedra e Galicia, dámonos conta do pouco peso do concello no contexto, xa que sobrepasaron nestes dous territorios os 2000 e 6000 puntos, respectivamente.

Índice industrial

Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) referido a 2003. Calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE da industria (incluída a construción) e ten como base 100.000 unidades, de tal xeito que o valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria do concello dentro do total de España.

O valor deste índice no concello de Salvaterra de Miño foi de 14, o que ven a representar a baixa actividade industrial que ten o concello e o pouco peso do mesmo a nivel provincial e autonómico, posto que para Pontevedra e Galicia, o índice superou os 1700 e 6000 puntos, respectivamente.

Índice comercial

O índice comercial subdivídese en dous índices:

- Índice do comercio polo xunto
- Índice do comercio polo miúdo

Estes índices calcúlanse en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE correspondente ao ano 2003 do comercio polo xunto (índice do comercio polo xunto), do comercio polo miúdo (índice do comercio polo miúdo) e do comercio polo xunto e polo miúdo conxuntamente (índice comercial). O



valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade comercial do concello con respecto ao global estatal.

O índice comercial do concello é de 11, sendo igual ao do comercio polo miúdo e superior ao do comercio polo xunto, que acadaba un valor de 9. Este valor ven indicar a pouca importancia do mesmo no contexto provincial e autonómico, posto que en Pontevedra acadáronse valores que roldan o 2000 e en Galicia a cifra están en torno ao 6000.

Índice de actividade económica

Índice comparativo da actividade económica municipal do ano 2003. Obtense en función do imposto correspondente (IAE) ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. O valor do índice expresa dita importancia da actividade económica sobre unha base nacional de 100.000 unidades, equivalente ao total de ditas cotas tributarias empresariais e profesionais.


En Salvaterra de Miño o índice acadou no ano 2003 un valor de 9, moi lonxe dos presentados por Pontevedra e Galicia, que superaron os 1700 e 5600 puntos, respectivamente. Isto é indicativo do pouco peso relativo do sector industrial do concello dentro do contexto provincial e autonómico.

8.2. Sectores produtivos e actividade económica

Para estudar os sectores produtivo e a actividade económica do Concello de Salvaterra botouse man das estatísticas do directorio de empresas do IGE, no que se recollen as empresas con sede social en Galicia ou fóra de Galicia que realizan algunha actividade económica no noso territorio. Para iso, as estatísticas recollen información do Imposto de actividades económicas (IAE), do Rexistro Mercantil e do rexistro de contas de cotización e autónomos da seguridade social. Polo tanto non se recolle información sobre determinados sectores ou actividades económicas, como son a agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e administración pública. Para analizar este sector empregouse o censo agrario de 1999, onde se recolle información diversa sobre as explotacións que o integran.


A pesar diso, as estatísticas do IGE proporcionan unha información relevante sobre o número de empresas e o tamaño de cada delas por estrato de asalariados, o que nos vai dar un indicativo da importancia relativa de cada un dos sectores de actividade económica.





O Concello de Salvaterra de Miño contaba no ano 2003 con 408 empresas, o que representa o 1,35% do número de empresas da AMV. Isto é bastante significativo do pouco peso que ten a economía do concello dentro da área. Malia isto, o número de empresas mantivo unha tendencia alcista durante o período 1999-2003, incrementándose en 35 novas entidades, o que supón un crecemento do 9,38% e representa unha pequena alza na actividade do concello.

A maior parte destas empresas están dentro do sector servizos, que aglutina a 262 empresas, e representa o 64,22% do total. Aínda así, esta proporción é inferior as manifestadas pola área metropolitana (81,16%), Pontevedra (78,42%) e Galicia (77,74%). Por detrás, está a construción, con 74 empresas o que supón o 18,14% das empresas do concello. E por último, a industria, que conta con 72 empresas e representa o 17,65% do empresariado.



Ademais do número de empresas tamén é importante determinar o tamaño das mesmas. Neste senso cabe dicir que, no ano 2003, o 93,14% das entidades empresariais salvaterrenses tiñan un tamaño que as podería catalogar como microempresas (0 a 9 asalariados), o 6,62% restante tiña a



catalogación de pequena empresa (10 a 49 asalariados) e só había unha empresa no tramo de 50 a 99 asalariados.

Por outra banda, se nos fixamos na forma xurídica das empresas, temos que os autónomos son maioría, representando o 66,67% do total. Mentres que as sociedades limitadas, que é a outra forma que adoita escoller o empresariado do concello, supuña o 26,96%. Ademais, había 6 S.A., 2 cooperativas e 18 empresas con outra forma xurídica.

Resumindo, se queremos caracterizar á empresa tipo do concello de Salvaterra de Miño, teríamos que dicir que se trata dun autónomo que realiza unha actividade englobada no sector servizos e que ademais a penas contrata traballadores. Isto trae como resultado un enramado empresarial de pequeno tamaño e cun mercado moi reducido, sendo a escala de actuación practicamente local.

A) Sector primario


O sector primario comprende as actividades de extracción directa de bens da natureza, sen transformacións. Normalmente, enténdese que forma parte do sector primario a minaría, a agricultura, a gandería, a silvicultura e a pesca.

Para analizar este sector empregáronse os datos do censo agrario de 1999, que aportaron información sobre número de explotacións, idade dos titulares e composición da cabana gandeira. Ademais, para a análise dos subsectores de forestais e tívose en conta os datos da Consellería de Medio Ambiente e para a minaría os da Consellería de Innovación e Industria.

Agricultura e gandería


No ano 1999, o censo agrario de Salvaterra, indicaba que había unhas 1.727 explotacións dedicadas as labores agrogandeiras, empregando a 3.488 persoas entre titulares (1.703), cónxuxes (927) e axudas familiares (858). O 100% destas explotacións teñen terras para o desenvolvemento da súa actividade. Este dato choca nun principio co aportado polo censo de poboación e vivenda do ano 2001, onde se dicía que había 129 persoas empregadas na agricultura, pero hai que ter en conta que estas dúas fontes empregan unha metodoloxía distinta e dentro do número que manexa o censo agrario hai moitas persoas que fan da agricultura unha fonte secundaria de ingresos ou que están xubiladas e aínda manteñen unha certa actividade agrogandeira.





En canto aos titulares das explotacións, cabe salientar que o grupo máis numeroso constitúeno os titulares de entre 35 a 54 anos, que supoñen o 41,28% do total. Aínda así, poderíase dicir que a media de idade dos titulares de explotacións é bastante alta, posto que o 52,91% dos mesmos ten máis de 55 anos, e ademais, os menores de 34 anos só representan o 5,81, co que o relevo xeracional non está garantido. Todo isto conforma un panorama onde se está a producir un avellentamento da poboación dedicada ás labores agrarias, ademais do feito de que non existe un relevo xeracional da mesma, o que trae consigo unha situación de abandono das tarefas agrarias e un transvase de emprego cara a outros sectores económicos como poden ser os servizos ou a industria.


Salvaterra de Miño conta cunha cabana gandeira de 3145 cabezas, onde as aves teñen un peso moi importante, posto que o 68,27% do gando pertence a este grupo. A este, séguenlle os bovinos (12,27%), os porcinos (8,39%) e os caprinos (7,41%). O resto das especies teñen unha importancia bastante residual, constituíndose na maioría dos casos en actividades complementarias da explotación gandeira, é dicir, son unha fonte máis de autoabastecemento.



En conclusión poderíamos dicir que o sector agrogandeiro de Salvaterra de Miño ten un marcado carácter de autobastecemento, xa que as explotacións adoitan ter un tamaño pequeno e as súas producións non están orientadas cara o mercado, senón que o fan cara o mantemento da propia explotación, agás para a produción vitivinícola.

Forestal

O Concello de Salvaterra de Miño conta con 1.349 ha. Dedicadas a superficie forestal, o que ben a significar o 44,40% da superficie do concello.



No que se refire o réxime de propiedade da terra, hai que dicir que a fórmula maioritaria no concello é a da propiedade privada, posto que o monte mancomunado só ocupa o 7,36% da superficie total do concello.

Número e superficie das comunidades de montes veciñais en man común

Concello	Nº CMVMC	Superficie HA.	% respecto á súa superficie
Salvaterra de Miño	16	463,47	7,36%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Medio Ambiente. Ano 2003

En canto aos traballos forestais, hai que dicir que o concello conta con 10 empresas dedicadas á explotación dos recursos madeireiros.

No concello de Salvaterra de Miño tamén existen 8 empresas dedicadas ao serrado e preparación industrial da madeira, así como 2 empresas dedicadas á fabricación de madeiras chapadas, contrachapados e outros.




Minaría

Segundo datos da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, no Concello de Salvaterra de Miño hai catro explotacións dedicadas á extracción de minerais. Dúas delas extraen cantos rodados e as outras dúas, granitos ornamentais. No ano 2005 estaban paralizadas unha das empresas que se dedican á extracción de cantos rodados e outra da de granitos ornamentais.

B) Sector secundario

O sector secundario refírese ás actividades que implican transformación de alimentos e materias primas a través dos máis variados procesos produtivos. Normalmente inclúense neste sector a siderurxia, as industrias mecánicas, a química, o téxtil, a produción de bens de consumo, etc., así como, a construción, aínda que, debido á súa importancia, se pode contabilizar aparte. Neste apartado imos facer unha análise do sector desagregando os datos polos subsectores da industria e da construción, e analizando o número de empresas, tamaño e emprego xerado.



Fonte: central de balances. IGE

En Salvaterra de Miño as dúas actividades que compoñen o sector secundario, a construción e a industria, teñen un peso moi similar. No ano 2003 a construción contaba con 74 empresas, e a industria con 72. Ademais as dúas estiveron a medrar nos últimos 5 anos, de xeito que no período 1999-2003, o aumento foi de 6 empresas para o sector industrial e de 20 para a construción, o que supuxo un crecemento do 9,09% e do 37,04%, respectivamente.

Industria

A industria do concello de Salvaterra de Miño estaba conformada, no ano 2003, por 72 empresas que aglutinaban o 30,50% de emprego do concello e representaban o 17,65% do censo empresarial. Este subsector, como xa se comentou anteriormente, estivo medrando no que se refire ao número de empresas e emprego xerado, sendo a taxa de crecemento do 9,09% no período 1999-2003, no caso do número de entidades, e do 54,72% no período 1996-2001, para o emprego xerado polas mesmas.



Estas 72 empresas supoñen o 2,35% do censo de empresas industriais da área metropolitana, o que é significativo do pouco peso que ten a industria salvaterrense dentro do contexto da área.

Se analizamos a composición deste sector, podemos ver como as actividades se reparten en:

Actividade	Nº de empresas
Extracción doutros minerais agás produtos enerxéticos	12
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	19
Industria téxtil e da confección	1
Industria da madeira e da cortiza	15
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1
Industria química	1
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	2
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	8
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	8
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	2
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	1
Industrias manufactureiras diversas	2

Fonte: central de balances. IGE

Sendo as empresas dedicadas á industria da alimentación, bebidas e tabaco e á industria da madeira e da cortiza as que teñen un maior peso, contando con 19 e 15 entidades, respectivamente. As actividades extractivas tamén teñen a súa importancia dentro do sector industrial, contando con 12 empresas.

As empresas que compoñen este sector teñen unha dimensión moi reducida posto que o 79,16% delas teñen menos de 6 empregados, podendo cualificarse como microempresas. O resto das empresas poden ser cualificadas como pequenas empresas posto que ningunha delas pasa dos 50 empregados.

En canto á forma xurídica, a máis empregada polo empresariado deste sector foi a de sociedade limitada, que supuña o 50% do total, mentres que os autónomos representaban o 34,72%. Ademais había 5 sociedades anónimas, 5 sociedades personalistas (comunidades de bens e outros) e 1 cooperativa.



Construción


O sector da construción do concello de Salvaterra de Miño está composto por 74 empresas, que aglutinan ao 21,88% dos ocupados do concello e supoñen o 18,14% do censo empresarial. Ao igual que a industria, este sector estivo a medrar nos últimos anos tanto en emprego como en número de empresas. En emprego o crecemento foi do 16,09% no período 1996-2001, mentres que o incremento do censo empresarial foi do 37,04% entre o ano 1999 e o 2003.

As empresas de Salvaterra de Miño que integran este sector dedícanse fundamentalmente a instalación de edificios e obras e teñen un tamaño bastante reducido, posto que o 89,18% non contrata máis de 5 empregados, e o 10,81% restante non pasa dos 50 empregados.

En canto á forma xurídica, a de autónomos e a de sociedade limitada son as máis escollidas, co 47,30% e o 45,95% dos casos.

C) Sector terciario

O sector terciario engloba as actividades que utilizan distintas clases de equipos e de traballo humano para atender as demandas de transporte, comunicacións e actividades financeiras como a banca, a bolsa, os seguros, etc. Para estudar este sector ímolo subdividir en 5 subsectores: hostalaría, comercio polo miúdo, comercio polo xunto, transporte e outros servizos (que inclúe actividades inmobiliarias, intermediación financeira, educación, sanidade e servizos prestados a comunidade).



Fonte: central de balances. IGE

Neste sector a actividade que conta cun maior número de empresas era no ano 2003 o do comercio polo miúdo con 117, seguida dos outros servizos (seguros, intermediación financeira, etc.) con 49, a hostalaría con 43, do transporte con 27, e do comercio polo xunto con 26.



En canto ao emprego, hai que dicir que no censo de poboación do 2001 a poboación ocupada nos servizos supuña o 42,73% do total, o que representa o primeiro sector de actividade do concello por volume de emprego. Ademais, durante o período o sector estivo a medrar en volume de emprego, supondo a cifra do 2001 un 55,38% máis que a do 1996.

De observar a evolución do sector en número de empresas, pódese ver como durante o período 1999-2003 o número de empresas experimentou un leve aumento, posto que pasou de 253 a 262 empresas, o que supón unha medra do 3,56%. Dentro do sector as subas producíronse nos outros servizos (+17), na hostalaría (+4) e no comercio polo xunto (+3), mentres que as baixadas se produciron nos transportes (-8) e no comercio polo miúdo (-7).

En canto ao tamaño das empresas do sector, pódese dicir que a maioría das empresas do sector son microempresas posto que o 98,09% non pasa dos 9 asalariados, o 1,53% está no intervalo de 10 a 49 asalariados e só hai unha empresa no intervalo de 50 a 99 asalariados. Isto que configura un panorama onde o autoemprego é a tónica dominante, posto que a forma xurídica que predomina é a de autónomo con 212 empresas, o que representa o 80,92% do total, mentres que para as sociedades limitadas, que é a outra forma máis elixida, existen 40 empresas.

Hostalaría

No subsector da hostalaría están recollidos os hoteis, pensións, cámpings, restaurantes, establecementos de bebidas (bares e cafeterías), así como os comedores colectivos. Este subsector integra a 43 empresas, o que supón o 16,41% do censo de empresas de servizos do concello. Ademais a hostalaría estivo crescendo en número de empresas durante o período 1999-2003, pasando de 39 a 43, o que supuxo unha medra do 9,30%, converténdose no segundo subsector que máis creceu dentro do terciario.

As empresas de Salvaterra de Miño que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Restaurantes	9
Establecementos de bebidas	34

Fonte: central de balances. IGE

O tamaño que soen ter estas empresas é reducido posto que o 100% delas non pasa dos 2 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 88,37% das mesmas están en mans de autónomos.



Comercio polo miúdo

O subsector do comercio polo miúdo engloba as actividades de venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor, comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, así como, a reparación de efectos persoais e utensilios domésticos.

O subsector ocupa o primeiro lugar en número de empresas, pero durante o período 1999-2003 o subsector estivo perdendo empresas, pasando de 124 a 117, o que supuxo unha baixada do 5,64%.

As empresas de Salvaterra de Miño que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Venda de vehículos de motor	2
Mantemento e reparación de vehículos de motor	10
Venda de repostos e accesorios de vehículos de motor	1
Venda polo miúdo de carburantes para a automoción	1
Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	39
Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	17
Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	3
Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	26
Comercio polo miúdo non realizado en establecementos	17
Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que a totalidade das mesmas poden ser catalogadas como microempresas, posto que ningunha pasa dos 9 asalariados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 84,62% teñen a consideración de autónomos, polo que se podería dicir que o autoemprego constitúe a característica básica deste subsector.

Comercio polo xunto

O subsector do comercio polo xunto engloba as actividades de intermediarios do comercio, comercio polo xunto de materias primas agrarias e de animais vivos, comercio polo xunto de produtos



alimenticios, bebidas e tabaco, comercio polo xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios, comercio polo xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo, comercio polo xunto de maquinaria e equipo e outro comercio polo xunto.

O subsector ocupa o último lugar en número de empresas e durante o período 1999-2003 o subsector estivo crescendo en número empresas, pasando de 23 a 26, o que supuxo un aumento do 13,04%.

As empresas de Salvaterra de Miño que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Intermediarios do comercio	2
Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	3
Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	12
Comercio por xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo	7
Comercio por xunto de maquinaria e equipo	2

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que o 88,46% poden ser catalogadas como microempresas, posto que non pasa dos 9 asalariados e soamente hai tres empresa que ten entre 10 e 49 empregados.

A forma xurídica máis empregada no subsector é a de autónomo, que se corresponde co 53,85% dos casos. A de sociedade limitada é a outra forma máis empregada e acada o 38,46% das empresas do comercio polo xunto.

Transporte

O subsector do transporte engloba as actividades de transporte terrestre, transporte por tubos, transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores, transporte aéreo e espacial, actividades anexas aos transportes, actividades de axencias de viaxes, e actividades de correos e telecomunicacións. Este subsector conta con 27 empresas e mantivo unha senda descendente no censo empresarial durante o período 1999-2003, posto que pasou de 35 a 27 empresas, o que supuxo unha recesión do 22,85%.

As empresas de Salvaterra de Miño que compoñen este subsector no ano 2002 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Outros tipos de transporte terrestre	27

Fonte: central de balances. IGE

As entidades que están dentro doutros transportes refírense a empresas que realizan transporte por estrada por medio de camiós ou tráileres, polo tanto estamos a falar de empresarios autónomos que teñen o seu propio vehículo e realizan traballos para outras empresas. Estes empresarios non soen contratar asalariados e, polo tanto, tratase dunha forma de autoemprego.

Outros servizos

O subsector de outros servizos engloba as actividades de intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, así como actividades de prestación de servizos persoais.

Este subsector ocupa o segundo lugar dentro do sector servizos e durante o período 1999-2003 foi o que experimentou un maior crecemento, pasando de 32 a 49 empresas, o que supuxo unha medrada do 53,12%.

As empresas de Salvaterra de Miño que compoñen este subsector repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Actividades auxiliares da intermediación financeira	7
Actividades inmobiliarias	4
Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	2
Outras actividades empresariais	17
Educación	2
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	7
Actividades recreativas, culturais e deportivas	2
Actividades diversas de servizos persoais	8

Fonte: central de balances. IGE



En canto ao tamaño das empresas, temos que dicir que o 95,91% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Tamén hai 1 empresa no intervalo de 10 a 19 asalariados e outra empresa no de 50 a 99 asalariados. Ademais se nos fixamos na forma xurídica das mesmas, temos que o 81,63% son autónomos, o 14,28% son sociedades limitadas e tan só hai 2 que están clasificadas como outra forma xurídica (comunidade de bens, sociedade colectiva, etc.).

8.3. Análise dunha actividade económica de Salvaterra de Miño : o sector vitivinícola

A comarca do Condado foi sempre unha terra privilexiada para o cultivo dos mellores viños. A composición das súas terras, a súa orientación ao sur, e o bo facer das súas xentes, lograron que o Condado e o Albariño merezan hoxe a aprobación dos expertos catadores, dentro da Denominación de Orixe Rías Baixas-subzona Condado de Tea.

Os viños da zona foron ben coñecidos desde antigo. Sen embargo, desde a constitución do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas en 1988, o número de bodegas, a superficie dedicada ao cultivo e a produción total, creceron de maneira constante e sostida, segundo se desprende dos datos proporcionados polo propio Consello Regulador.

Tamén evolucionou de maneira salientable o prezo de venda por botella, ao menos nos primeiros anos, cunha certa estabilización posterior. É necesario sinalar que a apreciación de calidade do produto, tanto por parte da crítica especializada, como por parte dos consumidores, consolidouse notablemente, logrando una imaxe de calidade homoxénea e consolidada.

Evolución da D. O. Rías Baixas (1988-2003)
(superficie en ha., volume en hl.)

ANO	VITIC.	ADEGAS	SUPERFICIE Ha.	VIÑO ELABORADO HI.	EXPORT.
1989	1.332	47	873	22.750	579
1990	1.568	60	1.120	31.525	374
1991	2.523	76	1.237	35.100	707
1992	3.195	89	1.586	28.093	758,05
1993	3.740	99	1.768	25.579	502,18
1994	3.759	105	1.817	35.210	1.653,67
1995	3.700	109	1.700	64.302	1.885,66
1996	4.033	158	1.793	66.308	3.663,46
1997	4.194	132	1.923	54.598	5.842,65

Fonte: Informe cameral de Salvaterra de Miño. Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo



Evolución da D. O. Rías Baixas (1988-2003)
(superficie en ha., volume en hl.)

1998	4.674	143	1.952	23.249	6.136,88
1999	4.423	147	1.978	84.077	4.101,25
2000	4.748	152	2.292	58.073	6.971,81
2001	5.059	161	2.408	112.112	7.340,64
2002	5.439	170	2.523	88.690	8.269,58
2003	5.690	179	2.643	107.889	9.371,66

Fonte: Informe cameral de Salvaterra de Miño. Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo

A Denominación de Orixe Rías Baixas comprende as subzonas del Val del Salnés, O Condado, O Rosal, Valmiñor, Soutomaior e Ulla, todas elas na provincia de Pontevedra.

No Condado do Tea, a uva albariño ocupa a maior parte da superficie cultivada, aínda que hai outras que interveñen na elaboración dalgúns viños como son: Loureira branca, Treixadura, Caíño Branco, Torrontés e Godello.

Distribución da produción por variedades de uva e subzona (kg.)

Subzona	Albariño	Loureira	Treixadura	Outras Blancas	Tintas	Total
Condado do Tea	3.057.553	29.577	347.206	20.216	25.174	3.479.726
Val do Salnés	10.647.478	2.660	0	0	20.252	10.670.390
O Rosal	1.641.197	263.340	73.508	58.625	10.216	2.046.886
Soutomaior	31.487	139	185	2.051	0	33.862
R. do Ulla	204.152	0	17.138	5.608	5.032	231.930
Total D.O.	15.581.867	295.716	438.037	86.500	60.674	16.462.794

Fonte: Informe cameral de Salvaterra de Miño. Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo

En xeral, a estrutura de produción do Consello Regulador está dominada polas pequenas adegas, cunha extensión media de superficie dedicada ao viñedo de 0,46 Ha., segundo os datos del Consello do ano 2003. A subzona do Condado de Tea presenta unha superficie media superior, con 0,7 Ha.



Estrutura da produción na colleita do 2003

Subzona	Vitic.	Superficie Ha	Ha/Vitic.	Nº Parcelas	Parcelas/Vitic.
Condado do Tea	891	628,5	0,7	3772	4,23
Val do Salnés	4.159	1.585,6	0,38	11.056	2,65
O Rosal	541	652,02	0,65	1.588	2,93
Soutomaior	46	21,25	0,46	126	2,73
R. do Ulla	53	53,28	1,01	92	1,73
Total D.O.	5.690	2.642,67	0,46	16.634	2,92

Fonte: Informe cameral de Salvaterra de Miño. Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo

A subzona do Condado de Tea é a que máis creceu en produción total de uva, se exceptuamos a da Ribeira do Ulla, recentemente incorporada ao Consello, cunha progresión que supera un 35% de incremento no total do período 1999 - 2003.

Estrutura da produción na colleita do 2003

Subzona	1999	2000	2001	2002	2003
Condado do Tea	2.591.056	1.926.354	3.076.688	2.661.100	3.545.707
Val do Salnés	7.520.118	4.764.072	10.083.871	7.830.766	9.717.591
O Rosal	2.314.713	1.697.858	3.214.300	2.523.771	2.904.056
Soutomaior	47.714	32.477	72.251	39.911	50.606
R. do Ulla	-	79.010	367.075	197.692	244.834
Total D.O.	12.473.601	8.499.771	16.814.185	13.253.240	16.462.794

Fonte: Informe cameral de Salvaterra de Miño. Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo

O mercado actual dos viños de A D.O. Rías Baixas é fundamentalmente doméstico, cunha porcentaxe crecente de exportacións, pero que supera levemente o 10 % do total das vendas, e que parece estabilizado desde fai algúns anos. Con toda probabilidade, as posibilidades de exportación atópanse limitadas polo pequeno tamaño das adegas, e se ben, de momento, o mercado interno parece capaz de absorber a produción, esta situación podería cambiar a medida que a produción continúe crescendo.



9. TERCEIRO SECTOR

Segundo datos facilitados polo concello de Salvaterra de Miño, en xaneiro de 2006, o concello contaba con 27 asociacións inscritas no seu rexistro. Segundo a tipoloxía recollida no cadro, a maioría son e “asociacións culturais”, cun total de 12 e “asociacións deportivas”, que suman 6. Ademais hai 3 “asociacións de veciños” e 1 encadradas dentro da categoría de “Mulleres” e 1 na categoría de “Animación sociocultural”, outra xuvenil, 1 “Comunidade de montes”, e 1 na categoría “Outras”.

Segundo as informacións facilitadas polo concello, moitas destas asociacións teñen unha base parroquial.

Sinalar ademais, que entre estas asociacións, encóntrase unha constituída para a defensa dos intereses dos afectados pola plataforma loxística industrial de Salvaterra-As Neves.

Ademais, tamén está rexistrada neste concello a asociación cultural e pedagóxica “Ponte nas Ondas”, dedicada á promoción de actividades culturais e pedagóxicas relacionadas coas novas tecnoloxías e a súa aplicación na escola, e que ademais é coñecida por participar no proceso de presentación da candidatura multinacional “As tradicións orais galego-portuguesas” á UNESCO, para que foran recoñecidas como patrimonio inmaterial e intanxible. Ademais, recentemente, no ano 2005, foille concedida pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta o premio á Mellor iniciativa no campo da comunicación en medios informativos dentro dos Premios Galicia Comunicación 2005.

Tipoloxía e número de asociacións non lucrativas en
Salvaterra de Miño
Ano 2006

Tipo de asociación	Nº de asociacións
Culturais	12
Animación sociocultural	1
Mulleres	1
Veciños	3
Deportivas	6
Xuvenís	1
Comunidades de Montes	1
Outras	1
TOTAL	27

Fonte: Concello de Salvaterra de Miño



10. DAFO XERAL DE SALVATERRA

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Situación periférica dentro da área metropolitana de Vigo • Dispersión dos asentamentos de poboación • Impacto da acción humana ás beiras do río Miño • Monocultivo forestal de especies traídas de fóra (eucalipto e piñeiro) en detrimento das autóctonas, o que xera un aproveitamento pouco sostible dos recursos naturais • Escaso aproveitamento dos recursos patrimoniais • Dispersión dos recursos patrimoniais e arqueolóxicos • Falta de sensibilización da poboación local para a conservación dos bens naturais e patrimoniais do concello • Escasa sensibilidade do organismo municipal ante determinadas actuacións contra o medio ambiente • Insuficiencia dos equipamentos existentes e dos servizos sociais para a poboación moza e maior e inmigrante e emigrante retornada, así como a mulleres • Falta dun planeamento urbanístico que regule e oriente de forma ordenada o crecemento do territorio • Sector turístico pouco desenvolvido: escasa oferta hoteleira e hostaleira e escaso aproveitamento dos recursos. Baixa calidade da oferta hostaleira e hoteleira • Concentración dos servizos e infraestruturas na parroquia de Salvaterra • Inadecuada rede de estradas para tráfico pesado • Saldo vexetativo negativo producido polo avellentamento continuo de poboación e caída da natalidade que determina unha evolución demográfica negativa • Falta de atractivos para a fixación da poboación nova (actividade laboral, servizos, acceso á vivenda) • Baixo nivel formativo da poboación en xeral, con maior incidencia no colectivo feminino • Existencia dun importante número de vivendas baleiras • Escaso número de vivendas en alugueiro • A poboación local identifica como principais problemas as malas comunicacións, a falta de limpeza nas rúas e a escaseza de zonas verdes 	<ul style="list-style-type: none"> • Presión demográfica que exerce a cidade de Vigo e a súa área metropolitana máis próxima • Explotación irracional dos recursos forestais e aumento dos incendios • Impacto negativo na construción de infraestruturas viarias • Inexistencia de medidas por parte das administracións que favorezan a fixación de poboación nova no rural • Maior competitividade no sector turístico que trae consigo un aumento das exixencias por parte dos visitantes en temas de aloxamento, restauración e servizos públicos e de ocio e lecer • Descoordinación entre administracións competentes en materia de turismo (Xunta-Deputación-Concello) • Falta dunha visión de Mancomunidade que leve a desenvolver actuacións conxuntas entre os diferentes concellos en temas relacionados co transporte, turismo, ordenación do territorio, oferta de servizos, etc.



<ul style="list-style-type: none"> • Excesiva dependencia do sector servizos e do sector industrial • Altas taxas de temporalidade e estacionalidade no emprego, en especial, entre as mulleres • Escasas oportunidades de emprego para as mulleres que se ven relegadas a traballos precarios e de baixa remuneración no sector servizos • Avellentamento e abandono das actividades agrogandeiras sen que haxa relevo xeracional que determina unha baixa ocupación no sector • Falta de profesionalización na xestión das comunidades de montes • Baixo nivel de renda dos residentes • Baixo nivel de actividade económica • Tamaño reducido das empresas • Existencia dun mercado minifundismo no sector agrogandeiro e de pequenas producións hortofrutícolas orientadas cara o autoconsumo • Minifundismo e dispersión das zonas de viñedo que afectan á produción e rendibilidade destas • Desaproveitamento das axudas en materia de promoción do emprego e desenvolvemento local • Insuficiencia de persoal técnico estable dedicado ás tarefas de desenvolvemento local 	
<p>FORTALEZAS</p>	<p>OPORTUNIDADES</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Zona fronteiriza con Portugal • Existencia de grandes superficies forestais • Existencia de espazos naturais protexidos como son as ribeiras do río Tea e as ribeiras do río Miño • Importante rede hidrográfica cunha boa calidade das augas así como un rico valor ecolóxico, natural e etnográfico • Condicións climáticas idóneas para os cultivos hortofrutícolas e vitivinícolas • Existencia de enlaces con vías de comunicación importantes: A-52 • Concello polo que discorre a vía férrea Vigo-Madrid • Existencia de recursos patrimoniais ben conservados e de especial interese cultural e arqueolóxico (pazos, fortaleza, muíños, pontes, igrexas, castros, mámoas, etc.) • Importancia do patrimonio arquitectónico, etnográfico e da cultura inmaterial, vinculados aos ríos 	<ul style="list-style-type: none"> • Posibilidade de converterse nunha zona residencial da área de Vigo • Integración na futura Área Metropolitana de Vigo • Proximidade de mercados importantes, como son o de Vigo e Pontevedra, para o abastecemento de produtos agrarios • Diversificación da oferta turística da área metropolitana, centrada basicamente no turismo vinculado ao mar, ofrecendo espazos naturais con recursos etnográficos de interese • Cambio nas orientacións da poboación que busca turismo de calidade, interior e de natureza, fronte outras areas masificadas e orientadas ao turismo costeiro • Existencia de Leis para garantir, conservar e velar pola defensa do patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural



<ul style="list-style-type: none"> • Importante oferta gastronómica e enolóxica (lamprea, angulas, anguías, salmón, viño albariño e do condado, ...) • Existencia dunha cultura do viño: celebración da Festa do viño do condado, con recoñecemento a nivel autonómico, e celebración da festa do viño novo en Arantei • Proximidade a zonas de importante atracción turística • Existencia dun patrimonio inmaterial único e compartido coa rexión fronteiriza da parte portuguesa. • Baixa densidade demográfica fronte a outras áreas máis urbanizadas • O concello estase a converter en receptor de poboación que provén doutros puntos da xeografía pontevedresa • Aumento da poboación inmigrante • Aumento do número de empresas • Certo peso do sector forestal, tanto a nivel da superficie dedicada, como no de extracción e transformación • Importancia dos cultivos agrícolas, especialmente o viño • Existencia de zonas de cultivo de viñedo que están dentro da denominación de orixe Rías Baixas • Importancia do comercio de proximidade • Posta en funcionamento da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra e As Neves (PLISAN) • Sensación de seguridade e tranquilidade por parte da poboación local, que valora tamén ao concello como un espazo non contaminado • Pertenza á ADR da Comarca do Condado Paradanta que desenvolve un LEADER + • Existencia do proxecto CONTA CON ELAS da MAIV dirixido a mellorar a inserción laboral da muller • Importante nivel de asociacionismo. Presenza da asociación cultural e pedagóxica Ponte nas Ondas, que promocionou a presentación á UNESCO da candidatura da cultura inmaterial galego portuguesa como patrimonio da humanidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Cambio na orientación das políticas desenvolvidas na Administración Autonómica primando as relacionadas co desenvolvemento rural sostible • Existencia de políticas públicas que favorecen a inserción laboral de mulleres • Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa • Existencia de políticas autonómicas de conciliación da vida familiar e laboral • Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa • Existencia de políticas autonómicas que promoven a revitalización de zonas comerciais urbanas • Chegada de inversións a partir da posta en marcha da plataforma loxística.
---	--



11. PROPOSTAS E ACTUACIÓNS

1. Planificación, a través dos plans de ordenación do monte e a profesionalización das comunidades de montes, para un aproveitamento sustentábel dos recursos forestais, á rexeneración das áreas degradadas polos incendios forestais e a actuación humana, á repoboación e substitución das especies arbóreas foráneas por especies autóctonas, con especial incidencia nas áreas de especial interese natural
2. Realización dunha campaña de sensibilización dirixida á poboación local para promover a revalorización dos recursos propios
3. Sinalización dos recursos de especial interese patrimonial e natural
4. Estudo para a recuperación das zonas degradadas nas beiras do río Miño
5. Recuperación e mellora da vexetación das ribeiras dos ríos Miño e Tea, así como a súa promoción para aumentar a súa protección ambiental que teñen de cara a convertelas en parques naturais ou outra figura similar
6. Acondicionamento de zonas nos ríos Miño e Tea para a práctica de deportes acuáticos (kaiak, rafting, ...), así como de zonas de baño e áreas recreativas
7. Acondicionamento de rutas e sendeiros que poñan en comunicación os distintos recursos naturais e patrimoniais de que dispón o concello
8. Estudo da viabilidade de pór en marcha unha “rede de vivendas rurais” nas que se dea a posibilidade de facer acollementos para mozos e mozas
9. Creación de material de difusión e dunha campaña de promoción dos recursos do territorio, con especial incidencia na utilización de novas tecnoloxías (internet, asistencia a feiras, etc.)
10. Promoción das festas gastronómicas locais cunha maior implicación do sector hostaleiro, tanto na planificación como no desenvolvemento das mesmas
11. Estudo e desenvolvemento dun planeamento urbanístico no que se contemplen medidas medioambientais e que teña en conta o impacto da plataforma loxística, tanto no crecemento da poboación, como nas demandas de máis servizos.
12. Estudo de necesidades para a implantación de servizos sociais para a infancia, poboación maior, emigrantes retornados, inmigrantes, etc.
13. Recuperación e promoción do rico patrimonio inmaterial a través da promoción de actividades de investigación e do desenvolvemento de festivais e actos culturais
14. Rehabilitación do castelo e da cova de Dona Urraca para a súa posta en valor como recurso turístico de primeira magnitude do concello. Os usos que se lle poidan dar poderían ser:



- a. Creación dentro das estancias do Castelo dunha hospedaría con servizo de restauración
 - b. Realización de cursos de verán en coordinación coas universidades galegas
 - c. Promoción como lugar para o desenvolvemento de congresos
 - d. Promoción para a realización de actos culturais como, exposicións, teatro, concertos, etc.
 - e. Promoción do Castelo e dos seus exteriores como escenario para o rodaxe de películas de época
 - f. Aproveitamento das salas do Castelo para a instalación dunha exposición permanente sobre acontecementos históricos desenvolto no concello
15. Recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico e próximas a algún tipo de recurso para o deseño de produtos turísticos e creación de infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.)
 16. Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro á xente moza
 17. Creación dunha liña de axudas para a reconstrución e rehabilitación das vivendas tradicionais, respectando a tipoloxía da súa edificación
 18. Establecer programas formativos e de emprego nos que a poboación feminina sexa a principal beneficiaria das accións
 19. Análise das necesidades e das carencias de formación na man de obra en relación coas demandas do empresariado local para o desenvolvemento de accións formativas en cooperación coas asociacións empresariais e sindicais
 20. Incentivar ás empresas cara unha maior estabilidade no emprego mediante a divulgación das medidas de promoción de emprego estable
 21. Desenvolvemento da concentración parcelaria para favorecer a posta en marcha de explotacións máis viábeis segundo o mercado actual co fin de evitar a degradación dos solos agrarios
 22. Contar cun grupo organizado e estable de persoas formadas e capacitadas para levar a cabo medidas de prevención e extinción de incendios forestais
 23. Fomento das actividades e oficios artesanais como unha actividade alternativa de emprego para a poboación moza a través da creación ou recuperación de obradoiros
 24. Reorientación das explotacións agrogandeiras cara o mercado a través de concentración das terras, fomento do cooperativismo e orientación das producións cara o mercado para favorecer o relevo xeracional no campo



25. Fomento do cooperativismo dentro do sector vitivinícola e hortofrutícola, aumentando a súa profesionalización, e consecuentemente, a súa produción e rendibilidade
26. Realización de accións de dinamización e formación no sector vitivinícola que posibiliten unha profesionalización da man de obra e dos produtores locais
27. Creación dun banco de terras que favoreza o acceso a elas ás persoas que desexen desenvolver novas iniciativas agrogandeiras
28. Potenciación dos cultivos hortícolas, que se ven favorecidos non só polas condicións climáticas, senón tamén pola súa posición estratéxica nun espazo a medio camiño entre as áreas de influencia das cidades de Pontevedra e Vigo, podendo orientar a produción ao abastecemento dos mercados destas
29. Realización de campañas de promoción dos produtos locais (viño, lamprea, ...) que lle posibiliten a saída a novos mercados e polo tanto permitan un incremento da produción e dos ingresos do sector
30. Creación dun programa de xestión municipal para fomenta o aproveitamento dos recursos forestais, que actualmente se atopan reducidos á explotación madeireira, posibilitando a instauración de actividades que pechen o ciclo produtivo da madeira
31. Creación dun selo de calidade e distintivo dentro das actividades vinculadas ao desenvolvemento do turismo local (actividades de ocio e cultura, restauración, comercio, etc.) e da área de Vigo
32. Aproveitamento das axudas autonómicas para a mellora e modernización do comercio para realizar un estudo do sector e levar a cabo accións encamiñadas ao acondicionamento da zona comercial do casco urbano de Salvaterra, así como á profesionalización dos comerciantes
33. Posta en marcha de foros de participación cidadá nos que constitúan unha canle de comunicación entre a cidadanía e os poderes políticos de cara a recoller as inquedanzas e propostas da poboación e que poidan aportar solucións ás problemáticas veciñais
34. Contratación de persoal técnico para o desenvolvemento de servizos de orientación laboral e desenvolvemento local, de xeito estable
35. Estudo de viabilidade para a creación dun viveiro de empresas no que os novos emprendedores poidan establecerse durante os primeiros anos de vida da súa empresa
36. Aproveitamento das accións do proxecto conta con elas e das axudas autonómicas para promover unha maior integración da muller ao mercado de traballo

